



Informe
sobre
os

traballadores estranxeiros

no mercado
laboral galego

EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

COORDINACIÓN:

Marisa Mallo Fernández
María José Cortés Jiménez

EQUIPO TÉCNICO:

Juan Cirilo Arnosa Casal
Rosa M^a Fernández Fernández
Ricardo Fernández López
Tomás González Mouriño
M^a del Mar Martínez Besada
Berta Eugenia Martínez Seijo
Esther Sánchez González
Eva Uriach Masgoret
M^a Belén Yáñez Barge

EQUIPO AUXILIAR:

Francisco de Cal Pose
M^a Jesús Iglesias Ferreiro
Marta López Fernández
M^a José Porto Pardiñas

DESEÑA:

Plana Artes Gráficas, S.L. (Santiago)

DEPÓSITO LEGAL: C 2686-2009

PRESENTACIÓN

O Instituto Galego das Cualificacións leva a cabo periodicamente a publicación de informes sobre os distintos colectivos de interese no mercado de traballo galego. Neste caso o obxecto deste estudo é coñecer e afondar na posición que ocupan as persoas estranxeiras na sociedade galega e, máis concretamente, no mercado laboral a través da descrición da súa participación e a análise dos seus perfís profesionais en comparación cos da poboación autóctona.

Para elaborar esta análise, cómpre contextualizar o fenómeno da inmigración na nosa comunidade. Hai que ter en conta que o desenvolvemento histórico, social e económico de España e especialmente de Galicia durante os tres primeiros cuartos do século XX estivo marcado polas fortes correntes migratorias producidas cara ao estranxeiro. Desde finais da década dos oitenta España deixou de ser orixe da emigración e converteuse no destino escollido pola poboación procedente doutros países, ata tal punto que desde 2006 pasou a ser o segundo país, tras os Estados Unidos, con maior recepción de inmigrantes da OCDE, e nos últimos cinco anos no primeiro da UE que máis estranxeiros acolle.

Galicia non é unha comunidade que se caracterice por recibir gran número de persoas inmigrantes en comparación con outras autonomías do resto do Estado, pero, aínda así, podemos afirmar que nos últimos anos a chegada de poboación doutras nacionalidades segue unha tendencia claramente positiva. Ademais, este feito axuda en certa medida a mitigar o progresivo envellecemento demográfico e o crecemento vexetativo negativo de moitas comarcas e concellos da nosa comunidade.

Confiamos en que este estudo sirva de axuda para proporcionar un maior coñecemento da situación do colectivo de estranxeiros na nosa comunidade co fin de orientar as correspondentes medidas activas de emprego que favorezan a integración laboral e a igualdade de oportunidades do colectivo de inmigrantes ante o mercado de traballo.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

● ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	7
2. A POBOACIÓN ESTRANXEIRA RESIDENTE EN GALICIA.....	8
3. ACTIVIDADE E OCUPACIÓN SEGUNDO A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA	28
4. PARO REXISTRADO	34
5. AFILIACIÓNS NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL.....	40
6. CONTRATACIÓN LABORAL	58
7. PERFIL SOCIOLABORAL DA POBOACIÓN ESTRANXEIRA E GALEGA 2008.....	71
8. CONCLUSIÓNS	73
9. FONTES BIBLIOGRÁFICAS E ESTATÍSTICAS.....	77

1. INTRODUCCIÓN

O informe que presentamos sobre “os traballadores estranxeiros no mercado laboral galego” continúa coa tarefa emprendida nos primeiros estudos que sobre colectivos de especial relevancia no mercado laboral galego acometeu o Instituto Galego das Cualificacións desde o ano 2006.

A chegada de inmigrantes a un determinado país inflúe e pode transformar a sociedade de recepción, o que repercute no seu mercado de traballo, xa que, precisamente, o emprego é o principal factor de atracción e resulta un dos espazos fundamentais de inclusión social deste colectivo.

Este estudo ten a pretensión de chegar a ser un instrumento que, partindo de datos oficiais, facilite o coñecemento dos parámetros máis significativos e permita analizar o impacto demográfico e laboral da presenza deste novo colectivo de traballadores na realidade do noso mercado laboral.

A nivel demográfico podemos destacar catro aspectos que diferencian e caracterizan a inmigración estranxeira na comunidade galega:

- A porcentaxe de residentes foráneos en Galicia é moito menor que o peso relativo que atopamos tanto no conxunto nacional como en moitas das comunidades autónomas españolas. En 2008 soamente o 3,43% da poboación galega ten nacionalidade estranxeira, cando en España este colectivo alcanza o 11,41% da poboación.
- A longa historia migratoria produce un importante número de emigrantes retornados. Malia que en moitos casos non os podemos considerar inmigrantes estranxeiros, débese ter en conta a súa influencia na situación demográfica e laboral do noso territorio.
- A proximidade de Galicia con Portugal xera unha importante relación de mobilidade recíproca con este país, sendo o colectivo máis numeroso na nosa comunidade. Aínda así, cómpre salientar que o número de persoas estranxeiras non comunitarias vai gañando peso sobre as da Unión Europea, en especial as de orixe latinoamericana.
- Entre a poboación estranxeira chegada ata o momento a Galicia, as mulleres tiveron maior representación, ao contrario do que acontece no conxunto nacional, onde predominan os homes.

Neste informe analízase en primeiro lugar a situación e evolución demográfica da poboación estranxeira na nosa comunidade, para a continuación abordar o plano laboral e a configuración global da súa inserción na rede económica do tecido produtivo. Estas cuestións serán estudadas de maneira cuantitativa e cualitativa a través de táboas, gráficos e comparativas das variables máis representativas nos diferentes períodos temporais.

Para levar a cabo este traballo, tomaremos en conta os datos que se refiren exclusivamente a persoas estranxeiras residentes e empadroadas en Galicia, entendendo como tales as que non contan con nacionalidade española, aínda que nalgún momento utilizemos o termo máis amplo de poboación inmigrante para referirse a este colectivo.

As distintas fontes de información estatística consultadas polo Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións para realizar esta publicación son o Instituto Nacional de Estatística, o Instituto Galego de Estatística, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, o Observatorio Permanente de Inmigración do Ministerio de Traballo e Inmigración e a explotación de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

2. A POBOACIÓN ESTRANXEIRA RESIDENTE EN GALICIA

No pasado ano 2008 a poboación estranxeira na comunidade autónoma galega ascendeu a 95.568 persoas, segundo os datos oficiais obtidos a través do Padrón Municipal de Habitantes que publica periodicamente o Instituto Nacional de Estatística.

O padrón entende por persoas estranxeiras o número de inscritos que non teñen nacionalidade española, incluíndo tanto as persoas con tarxeta ou autorización de residencia como aquelas que non a teñen.


Este colectivo representa o 3,43% da poboación total de Galicia en 2008 e supón un valor pouco representativo a nivel nacional, soamente o 1,81% da poboación estranxeira total (5.268.762 persoas foráneas empadroadas no conxunto do Estado). Se observamos o volume de naturalizacións, é dicir, o número de persoas que aínda nacendo no estranxeiro obtiveron a nacionalidade española, as cifras aumentan: en 2008 tiñamos un total de 196.082 empadroados galegos con nacemento no exterior (7% da poboación total).

2008	TOTAL POBOACIÓN	Poboación estranxeira		
		TOTAL ESTRANXEIROS	Peso relativo en Galicia %	Porcentaxe sobre o total da poboación
Galicia	2.784.169	95.568	100,00	3,43
A Coruña	1.139.121	33.711	35,27	2,96
Lugo	355.549	11.582	12,12	3,26
Ourense	336.099	14.006	14,66	4,17
Pontevedra	953.400	36.269	37,95	3,80

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes IGE. Valores absolutos e porcentaxe.



En valores absolutos, os residentes en España con nacionalidade estranxeira concéntranse en catro comunidades autónomas, as que teñen maior peso poboacional: Madrid, Cataluña, Comunidade Valenciana e Andalucía. Galicia quedaría no duodécimo posto. En canto ao peso relativo que supón este colectivo en cada poboación, o seguinte cadro mostra como Baleares é a comunidade autónoma que maior porcentaxe de estranxeiros ten no seu territorio, un 20,79%. Galicia sitúase de novo moi lonxe destes resultados, sendo a segunda comunidade española con menor proporción de poboación foránea entre os seus residentes, despois de Estremadura. A nivel estatal, o 11,41% da poboación empadroadada en 2008 son persoas nadas fóra do noso país.

Peso relativo da poboación estranxeira nas comunidades autónomas 2008



Fonte: Padrón Municipal de Habitantes INE. Datos en porcentaxe.

Existen importantes excepcións a nivel municipal, pero en xeral a inmigración estranxeira en Galicia é un fenómeno fundamentalmente urbano. En datos absolutos a poboación non nacional agrúpase nas sete grandes cidades de Galicia por esta orde: Vigo, A Coruña, Ferrol, Santiago, Ourense, Pontevedra e Lugo, cun total de 44.621 estranxeiros en 2008, dato que supón o 47% do total de estranxeiros da comunidade.



Se facemos unha análise da poboación estranxeira nos distintos ámbitos territoriais, observamos que é nas comarcas do sur e leste de Ourense e nas do sur de Pontevedra onde o peso da poboación foránea sobre a galega aumenta. Detéctase nesas zonas unha importante presenza de cidadáns portugueses pola proximidade coa fronteira entre os dous países. Destacan tamén os concellos da Mariña Lucense, onde se mostran como relevantes os colectivos de caboverdianos que traballan na frota pesqueira de altura.


As tres comarcas que máis altas porcentaxes de poboación estranxeira presentan nos seus respectivos padróns en 2008 son: Verín, cun 7,35%; Valdeorras, cun 6,91%, e Viana, cun 5,48%. Pola contra, e como dato significativo, podemos engadir que son as comarcas de Muros, Fisterra e Terra de Melide as que achegan menor volume de poboación foránea ao total de residentes das súas poboacións, aproximadamente un 1% en cada caso. Atopamos tres municipios na nosa comunidade que superan a porcentaxe estatal de poboación estranxeira: trátase de Carballeda de Valdeorras (16,73%), A Mezquita (15,69%) e Oímbra (12,27%), todos eles pertencentes á provincia de Ourense.

Os datos achegados ata o de agora non deben infravalorar o fenómeno da inmigración estranxeira en Galicia, especialmente á vista da tendencia positiva que se está a experimentar nos últimos anos, mesmo respecto á media española.

Galicia conta hoxe con 75.875 estranxeiros máis que hai un decenio. A colonia foránea multiplicouse practicamente por cinco nese tempo, entrando na nosa comunidade unha media de 7.500 inmigrantes anuais. Estas cifras poden parecer pouco importantes nun contexto demográfico de crecemento, pero resultan de gran transcendencia nun territorio como o da nosa comunidade, cunha evolución insegura da súa poboación. Comparativamente vemos como, ao mesmo tempo que a poboación estranxeira medra de maneira constante e ininterrompida, un 99,36% nos últimos 10 anos, a poboación galega perde no seu padrón un total de 16.650 galegos desde 1998.

	Tendencia 1998-2008 poboación galega	Tendencia 1998-2008 poboación estranxeira
Galicia	-0,35%	99,36%
A Coruña	0,34%	112,28%
Lugo	-3,48%	128,98%
Ourense	-3,26%	53,47%
Pontevedra	1,08%	102,92%

Evolución da poboación galega e estranxeira en Galicia 1998 - 2008




Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de Habitantes IGE. Valores absolutos e porcentaxes.

Lugo é a provincia galega que maior incremento de poboación estranxeira experimentou, un crecemento moi similar ao acontecido no conxunto do Estado (121,83%); asemade foi a provincia que máis viu reducida a poboación autóctona no mesmo período. En territorios altamente envellecidos e de baixo crecemento interanual, como Lugo e Ourense, unha pequena alteración na entrada de efectivos pode cambiar de maneira importante os procesos evolutivos e a dinámica da súa poboación.

Aínda que a nivel nacional o crecemento da poboación estranxeira foi superior a Galicia, se tomamos o crecemento porcentual interanual, en ambos os casos débuxase unha evolución moi similar, valores interanuais sempre positivos e aumento destacado dos índices ata 2001 para, a partir dese ano, iniciar un descenso nas taxas de crecemento. Por primeira vez no ano 2008, a taxa de crecemento en Galicia supera á española. Damos un último dato significativo: mentres que, por unha banda, en 2008 perdemos no padrón municipal da nosa comunidade 2.490 galegos con respecto a 2007, por outra, gañamos 14.126 estranxeiros, o saldo coa poboación estranxeira é claramente positivo. A pesar destas diferenzas, aínda non se logrou deter a caída de poboación total na nosa comunidade.

Variación (%) interanual da poboación estranxeira 1999 - 2008




Fonte: Padrón Municipal de Habitantes INE. Datos en porcentaxe.

Malia que no informe tomamos como referencia as persoas estranxeiras empadroadas, tamén resulta interesante realizar unha comparativa co volume de tarxetas de residencia concedidas nos últimos anos en Galicia. As diferenzas que se producen entre os datos poden ser debidas a diversos aspectos como: a non existencia da autorización de residencia á hora de inscribirse no padrón, a incidencia das regularizacións extraordinarias, os desaxustes do padrón, etc.

As cifras que atopamos no rexistro de residentes seguen unha pauta de aumento similar ao acontecido cos estranxeiros empadroados. En 2007, último dato facilitado polo Ministerio de Traballo e Inmigración, atopamos 75.346 residentes estranxeiros en Galicia, dos cales 38.363 son homes e 36.707 son mulleres. O 47% dos residentes legais son de orixe Iberoamericana e o 36% da Europa comunitaria.


Evolución da poboación estranxeira en Galicia segundo padrón e tarxetas de residencia



Fonte: Padrón Municipal de Habitantes INE. Valores absolutos.

A distribución por sexo da poboación estranxeira empadroada en Galicia é practicamente equitativa: o 50,07% son homes e o 49,93% mulleres. Aínda que as diferenzas son mínimas, é na provincia da Coruña onde atopamos unha maior porcentaxe de mulleres (case o 52%). Hai que ter en conta, como veremos máis adiante no informe, que estas porcentaxes varían dependendo do país e mesmo da nacionalidade de procedencia.

Distribución por xénero da poboación estranxeira en 2008



	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Homes	47.849	16.232	6.033	7.023	18.561
Mulleres	47.719	17.479	5.549	6.983	17.708


Fonte: Padrón Municipal de Habitantes IGE. Valores absolutos e porcentaxes.

A inmigración estranxeira en Galicia caracterizouse sempre por ser fenómeno feminizado, circunstancia común en todas as comunidades autónomas máis envellecidas do cuadrante noroeste do Estado. Inflúe neste aspecto o reforzamento nos últimos anos das entradas producidas desde os países con maior taxa de inmigración feminina (países latinoamericanos).

En cambio, no pasado ano 2008 e por primeira vez desde 1998, os homes superan, aínda que en escasa contía, o total de mulleres. O caso contrario sucede no conxunto do Estado, onde podemos comprobar como no último decenio predominan os homes sobre as mulleres; a diferenza é máis marcada, se cabe, no último ano, onde o colectivo masculino supón o 53,19% do total.

Observando a evolución desde 1998, vemos como ambos os xéneros teñen unha progresión moi positiva; o colectivo masculino é o que experimenta un crecemento máis pronunciado.


Evolución da poboación estranxeira en Galicia por xénero




Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. IGE. Valores absolutos.

Cando analizamos a composición da poboación estranxeira en función da súa idade, observamos que se trata dun colectivo moito máis novo que a poboación autóctona. O 83,34% das persoas estranxeiras que residen na nosa comunidade en 2008 están en idade potencialmente activa, é dicir, entre 16 e 64 anos. A porcentaxe diminúe cando falamos da poboación galega nos mesmos tramos de idade, soamente o 66,47% ten entre 16 e 64 anos. A motivación laboral é o factor principal na entrada de poboación inmigrante, e isto inflúe directamente na composición por idades dos seus cidadáns.

Poboación galega por grupos de idade e xénero. Galicia 2008



Poboación estranxeira por grupos de idade e xénero. Galicia 2008



Fonte: Padrón Municipal de Habitantes IGE.

En 2008, a idade media dos estranxeiros residentes en Galicia era de 33 anos, mentres que a poboación galega superaba os 44 anos.

A chegada de poboación nova á nosa comunidade axuda a corrixir en certa medida o déficit e o crecemento vexetativo negativo de moitas comarcas e concellos de Galicia xerado por un alto envellecemento poboacional e unha baixa natalidade. Malia isto, necesitaríase unha entrada de efectivos moito maior da actual para acadar o relevo xeracional desexado no noso territorio.

As maiores diferenzas etarias entre estranxeiros e galegos atopámolas na poboación que ten máis de 65 anos; o 21,65% dos galegos estaba xa en idade de xubilación no pasado ano 2008, mentres que soamente o 3,38% dos estranxeiros se atopaba nese intervalo de idade.

O eixe atlántico, as provincias da Coruña e Pontevedra, son as que concentran a maior parte da poboación estranxeira de menor idade, o 75% dos que teñen entre 30 e 44 anos e o 73% dos que son menores de 30 anos.


Poboación estranxeira en Galicia e provincias por grupos de idade. 2008.

2008	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
0-14	11.872	4.197	1.517	1.543	4.615
15-29	28.592	10.455	3.813	3.983	10.341
30-44	34.480	12.447	4.232	4.673	13.128
45-54	11.323	3.700	1.238	1.922	4.463
55-64	5.252	1.666	469	988	2.129
65 e máis	3.229	1.023	253	695	1.258
TOTAL	95.568	33.711	11.582	14.006	36.269

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes IGE. Valores absolutos.

Tamén cómpre salientar que en 2007, practicamente o 7% dos nacementos acontecidos na nosa comunidade foron de nai estranxeira. A variación interanual no último quinquenio en Galicia descende se consideramos exclusivamente os nacementos de nais galegas. Debido á chegada de inmigrantes, moitas delas en idade fértil, o número de nacementos de nais estranxeiras triplicouse desde o ano 2000, o que está contribuíndo a manter a natalidade producida en Galicia nos últimos anos.

Variacións interanuais dos nacementos en Galicia segundo orixe da nai e totais




Fonte: Movemento Natural da Poboación IGE. Valores absolutos.

A nacionalidade estranxeira máis frecuente en Galicia é a portuguesa segundo datos do padrón, 18.521 persoas en total, seguida da brasileira (10.574 persoas), a colombiana e a romanese, agrupando entre as catro o 45% do total de estranxeiros no ano 2008. A pesar desta concentración, cabe mencionar que en 2008 hai máis de cen nacionalidades diferentes, ademais da española, residindo na nosa comunidade.

Os 10 países que achegan maior número de estranxeiros a Galicia

2008	Total	Homes	Mulleres	% sobre o total de poboación estranxeira en Galicia
Portugal	18.521	11.551	6.970	19,38
Brasil	10.574	3.643	6.931	11,06
Colombia	8.289	2.881	5.408	8,67
Romanía	5.187	2.741	2.446	5,43
Arxentina	5.148	2.336	2.812	5,39
Marrocos	4.667	3.071	1.596	4,88
Uruguai	4.324	2.054	2.270	4,52
Venezuela	4.044	1.542	2.502	4,23
Italia	3.255	1.938	1.317	3,41
Perú	2.741	1.431	1.310	2,87
Outros	28.818	14.661	14.157	30,15
Total	95.568	47.849	47.719	100

Poboación estranxeira por nacionalidades Galicia 2008




Fonte: Padrón Municipal de Habitantes IGE. Valores absolutos e porcentaxe.

A proximidade xeográfica, ademais da cultural e lingüística a Portugal, explican a xeración de importantes fluxos migratorios entre países veciños. A inmigración lusa incrementouse no último ano nun 19%, pero, malia iso, Brasil tomoulle a dianteira a este país como fonte de achega de novos galegos (2.834 cidadáns fronte aos 2.706 portugueses, segundo a Estatística de Variacións Residenciais IGE de 2007), feito que se está a repetir desde o ano 2003.

Observamos importantes diferenzas porcentuais cando analizamos as nacionalidades en Galicia e no conxunto do Estado. Destacamos o caso de Portugal (19,38% de residentes en Galicia e 2,41% en España), Romanía e Marrocos.

Estes dous últimos países son os que presentan maior número de cidadáns na poboación total española, tendo menor repercusión no padrón galego. Tamén salientamos o caso de Brasil, aínda que non aparece no seguinte gráfico, xa que en Galicia en 2008 tiñamos un 11% de cidadáns deste país, mentres que no conxunto do Estado soamente supoñían un 2%.

Porcentaxes de poboación estranxeira por nacionalidade 2008



Fonte: Padrón Municipal de Habitantes INE. Datos en porcentaxe.

O crecemento da poboación estranxeira en Galicia respecto a 2007 foi do 17,34%, o que en termos absolutos supón un aumento de 14.126 persoas. Trátase dun crecemento importante, aínda que non se debe unicamente á inmigración producida ao longo de 2008; unha das causas principais de tal incremento foi a entrada de Romanía e Bulgaria na UE, feito que propiciou a chegada e regularización das persoas destes dous países. O crecemento experimentado no último quinquenio polos cidadáns procedentes destes dous países é moito maior que para o resto de nacionalidades.

En xeral, as nacionalidades europeas perden peso relativo de maneira considerable nos últimos anos, pasando a unha clara iberoamericanización da inmigración na actualidade.


Variación 07-08 e tendencia 04-08 da poboación estranxeira en Galicia por nacionalidades

	Variación 2007-2008	Tendencia 2004-2008
Romanía	76,25	482,42
Bulgaria	35,64	278,20
Nacionalidades asiáticas	31,02	154,29
República Dominicana	28,41	122,78
Brasil	28,39	243,45
Canadá	21,05	-14,02
Portugal	19,01	73,33
Marrocos	15,95	105,24
Francia	15,18	62,78
Italia	12,94	117,62
Reino Unido	11,47	75,99
Estados Unidos	11,14	10,83
Rusia	10,67	103,15
Cuba	9,36	36,15
Oceanía	8,97	15,80
México	8,60	39,61
Alemaña	8,58	52,15
Uruguai	7,46	60,94
Venezuela	7,01	48,15
Suíza	6,67	-15,53
Colombia	3,14	14,22
Ecuador	0,55	21,28
Ucráína	0,00	51,12
Arxentina	-6,43	21,00
TOTAL ESTRANXEIROS	17,34	36,1


Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de Habitantes IGE. Datos en porcentaxe.

O 49,93% da poboación estranxeira en 2008 son mulleres, como comentamos ao inicio do informe, e as nacionalidades de procedencia máis representadas son a portuguesa e a brasileira (13.900 mulleres en total); esta última, xunto coa romanese e a búlgara, son as nacionalidades das mulleres estranxeiras que maior incremento experimentaron nos últimos 10 anos. En canto aos homes, o 44% do total de empadroados no último ano (11.550 persoas) son de nacionalidade portuguesa, seguidos moi de lonxe polos brasileiros (3.600) e os colombianos (2.800).

6 principais nacionalidades das mulleres estranxeiras en Galicia 2008



6 principais nacionalidades dos homes estranxeiros en Galicia 2008




Fonte: Padrón Municipal de Habitantes IGE. Datos en porcentaxe.

De novo apreciamos a importante presenza de portugueses en Galicia cando analizamos a súa distribución polas provincias e comarcas galegas. En 30 das 53 comarcas galegas esta é a nacionalidade que predomina sobre as demais. Destaca a súa representación nos territorios fronteirizos de Ourense e Pontevedra, agrupándose nesas dúas provincias un total de 13.292 persoas con nacionalidade lusa. A Coruña é a única provincia na que a porcentaxe de cidadáns de nacionalidade brasileira prevalece sobre a portuguesa.

A CORUÑA 2008			LUGO 2008		
PAÍS	Estranxeiros	Porcentaxe	PAÍS	Estranxeiros	Porcentaxe
Brasil	4.008	11,89	Portugal	1.962	16,94
Portugal	3.267	9,69	Colombia	1.249	10,78
Colombia	3.113	9,23	Brasil	1218	10,52
Arxentina	2.088	6,19	Romanía	1144	9,88
Uruguai	1.848	5,48	Marrocos	940	8,12
Romanía	1.573	4,67	República Dominicana	852	7,36
Venezuela	1.529	4,54	Nacionalidades asiáticas	424	3,66
Italia	1.490	4,42	Arxentina	369	3,19
Marrocos	1.435	4,26	Venezuela	319	2,75
Nacionalidades asiáticas	1.187	3,52	Cuba	277	2,39
TOTAL	33.711		TOTAL	11.582	
OURENSE 2008			PONTEVEDRA 2008		
PAÍS	Estranxeiros	Porcentaxe	PAÍS	Estranxeiros	Porcentaxe
Portugal	6.022	43,00	Portugal	7.270	20,04
Brasil	1.339	9,56	Brasil	4.009	11,05
Colombia	996	7,11	Colombia	2.931	8,08
Venezuela	766	5,47	Arxentina	2.326	6,41
Romanía	708	5,05	Uruguai	2.118	5,84
Marrocos	454	3,24	Marrocos	1.838	5,07
República Dominicana	410	2,93	Romanía	1.762	4,86
Arxentina	365	2,61	Venezuela	1.430	3,94
Italia	319	2,28	Italia	1.242	3,42
Ecuador	235	1,68	Nacionalidades asiáticas	869	2,40
TOTAL	14.006		TOTAL	36.269	

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes IGE. Valores absolutos e porcentaxe.




Segundo a Estatística de Variacións Residenciais do IGE, en 2007 Galicia recibiu 26.386 inmigrantes procedentes do estranxeiro; deles o 21,9% tiñan nacionalidade española (5.789 persoas). Máis concretamente, un total de 3.497 naceron en Galicia e decidiron volver do estranxeiro para fixar a súa residencia na nosa comunidade. Son os considerados emigrantes retornados, colectivo que en Galicia ten un peso importante pola súa constancia histórica e polo seu volume (estímase que existen practicamente 800.000 galegos fóra da nosa comunidade). A principios da década 1996-2006 os emigrantes retornados supoñían case a totalidade da inmigración producida no ámbito galego.

Mentres que as inmigracións de poboación nacida no estranxeiro segue unha progresión claramente positiva, a evolución dos retornados segue unha traxectoria máis irregular.

Desde 2002 experimentamos un certo descenso no volume de retornados, pero, aínda así, as estatísticas elaboradas pola Secretaría de Estado de Emigración e Inmigración do Ministerio de Traballo revelan que Galicia ocupa o segundo posto no volume de retorno do noso país, por detrás de Madrid. Galicia foi historicamente a comunidade con maior número de emigrantes e, por conseguinte, debe ser unha das primeiras en volume de retornados: case 46.000 persoas nadas na nosa comunidade regresaron do estranxeiro desde 1995.

Ademais, hai que ter en conta que no Padrón Municipal de Habitantes cando unha persoa posúe dobre nacionalidade, española e estranxeira, se clasifica como española, polo que, aínda que hai moita inmigración de retorno de galegos emigrados e os seus familiares, este colectivo non estaría clasificado como poboación estranxeira na súa meirande parte.


Immigración producida desde o estranxeiro a Galicia segundo lugar de nacemento



Fonte: Estatística de variacións residenciais IGE. Valores absolutos.

Dous factores potencian nos últimos anos o fenómeno do retorno: a idade media dos que no seu momento decidiron emigrar de Galicia e a crise económica que atravesan moitos países de Latinoamérica, os cales foron receptores destes emigrantes. Este feito podémolo comprobar na seguinte táboa, onde observamos que o 52% dos que decidiron volver no ano 2007, 1.807 persoas, tiñan máis de 55 anos.


Immigración de nados en Galicia procedentes do estranxeiro por grupos de idade. Galicia 2007



Fonte: Estatística de variacións residenciais IGE. Valores absolutos.

No tocante á distribución por xénero da poboación nada en Galicia chegada do estranxeiro no ano 2007, vemos como os homes representan o 54% do total e as mulleres o 46%.

Inmigración de nados en Galicia procedentes do estranxeiro por xénero Galicia 2007



Fonte: Estatística de variacións residenciais IGE. Valores absolutos e porcentaxes.


A metade dos galegos que volveron do exterior no ano 2007 proceden de Suíza e Venezuela, países que constituíron, décadas atrás, os principais destinos das emigracións galegas. A evolución no volume de retornados destes dous países desde 1992 é oposta, reduciuse nun 30% a entrada de galegos procedentes de Suíza nos últimos anos, e aumentou nun 20% os que regresaron desde Venezuela.

Inmigración de nados en Galicia procedentes do estranxeiro segundo países de procedencia. Galicia 2007

	Inmigracións totais
Total	3.497
Suíza	1.401
Venezuela	365
Alemaña	314
Francia	224
Reino Unido	216
Estados Unidos	207
Arxentina	124
Países Baixos	74
Portugal	74
Brasil	73
Andorra	64
Uruguai	61
México	56
Bélxica	30
Italia	28
Panamá	18
Canadá	15
Namibia	10
Cuba	9
Australia	9
República Dominicana	8
Chile	8
Irlanda	7
Marrocos	7
Liechtenstein	5
Mozambique	4
Sudáfrica	4
Senegal	4
Colombia	4
Resto países	46

Fonte: Estatística de variacións residenciais IGE. Valores absolutos.

Cómpre salientar o feito de que as orixes teñen moita importancia para a poboación galega que decide regresar á nosa comunidade, xa que unha terceira parte dos retornados no ano 2007, 1.981 persoas, volveron desde o exterior ao concello onde naceron. Deles A Coruña é a provincia que recibiu a maior porcentaxe (862 persoas), seguida de Pontevedra (573), Ourense (422) e Lugo (124).



As cinco comarcas que maior volume de poboación retornada tiveron en 2007 foron, nesta orde, A Coruña, Vigo, Bergantiños, Ourense e Santiago, obtendo entre elas o 37% do volume total. Pola contra, comarcas como Meira, Viana ou A Fonsagrada foron as que menos poboación de retorno achegaron aos seus respectivos padróns.

3. ACTIVIDADE E OCUPACIÓN SEGUNDO A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA

A Enquisa de Poboación Activa elaborada polo INE foi modificada desde o ano 2005 para obter unha mellor medición da poboación en xeral e do colectivo inmigrante en particular. Segundo os seus últimos datos para o último trimestre de 2008 en Galicia, existen 75.900 persoas estranxeiras que participan de forma activa no mercado de traballo; delas 66.500 son clasificados como ocupados, o 5,5% do total de empregados de Galicia. Hai que ter en conta que a EPA proporciona estimacións a partir dunha enquisa e, polo tanto, non se trata de datos exactos.

ACTIVOS E OCUPADOS EN GALICIA. IV TRIMESTRE DE 2008.


	Poboación galega			Poboación estranxeira		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Activos	685,50	562,70	1.248,20	37,00	38,90	75,90
Ocupados	627,40	501,20	1.128,60	31,70	34,80	66,50

Datos en miles de persoas.

Fonte: Enquisa de Poboación Activa INE

A poboación estranxeira en Galicia presenta unha taxa de ocupación moi superior á da poboación galega, algo máis de 20 puntos porcentuais (máis de 25 puntos de diferenza se analizamos a actividade). Porén, malia a súa elevada participación laboral, a poboación inmigrante enfróntase a unha elevada taxa de paro, o 12,45% no último trimestre de 2008. Isto significa que este colectivo mantén unha estreita relación co mercado de traballo e ao mesmo tempo unha elevada rotación no emprego.

Taxa de actividade, ocupación e paro. Galicia IV trimestre 2008




Fonte: Enquisa de Poboación Activa INE. Datos en porcentaxe.

As mulleres conforman o 52,3% dos estranxeiros ocupados en Galicia a finais de 2008. Trátase dunha porcentaxe superior á obtida no conxunto do Estado, no que representan o 44,4%.

As taxas de actividade e ocupación das mulleres foráneas son bastante superiores ás acadadas polas galegas; en cambio, as taxas de paro son moi similares. A taxa de paro é máis acentuada nos homes, aínda que tamén hai que ter en conta que as súas taxas de participación no mercado laboral son máis elevadas que as das mulleres.

Taxa de actividade, ocupación e paro



Fonte: Enquisa de Poboación Activa INE. Datos en porcentaxe.

A maior parte de ocupados estranxeiros en Galicia segundo a EPA proceden de países non comunitarios, ata un total de 55.000 persoas, mentres que da UE atopamos uns 11.500 empregados.

Se analizamos as diferenzas entre as taxas de actividade e ocupación, en ambos os casos vemos como os estranxeiros extracomunitarios teñen taxas moi elevadas nos dous xéneros, mentres que as persoas do espazo económico europeo as teñen similares á poboación española. Obsérvase unha diferenza moi significativa entre a actividade e ocupación por xénero das persoas da UE residentes en Galicia; os homes superan o 90% de actividade, mentres que soamente a metade das mulleres (50,44%) maiores de 16 anos permanecen activas no noso mercado de traballo.


ACTIVOS, OCUPADOS, TAXAS DE ACTIVIDADE E OCUPACIÓN SEGUNDO A NACIONALIDADE. GALICIA IV TRIMESTRE DE 2008.

	Estranxeiros UE			Estranxeiros fóra da UE		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Activos	7	5	12	30	33,9	63,9
Ocupados	6,5	5	11,5	25,2	29,8	55
Taxa de actividade	92,17	50,44	68,48	89,46	80,78	84,63
Taxa de ocupación	85,4	50,44	65,56	75,12	70,93	72,79

Fonte: Enquisa de Poboación Activa INE. Datos en miles de persoas.

A nivel estatal déixanse sentir os síntomas da desaceleración económica que estamos a experimentar no último período cando analizamos o desemprego dos estranxeiros. Na nosa comunidade a taxa de paro deste colectivo, aínda que elevada (12,45% no último trimestre de 2008), supón case a metade da obtida no conxunto do Estado. Galicia é a terceira comunidade de España coa taxa de desemprego de estranxeiros máis baixa despois de Cantabria e Madrid. Ao mesmo tempo, a taxa de ocupación está algo máis de 10 puntos porcentuais por riba da nacional, o que nos converte na primeira comunidade autónoma en canto á porcentaxe de empregabilidade de estranxeiros a finais de 2008.

Taxas de actividade, ocupación e paro dos estranxeiros en Galicia e España. IV trimestre de 2008




Fonte: Enquisa de Poboación Activa INE. Datos en porcentaxe.

Os ocupados de nacionalidade estranxeira creceron en Galicia un 49% respecto ao cuarto trimestre de 2006, o que supón un incremento de 21.900 traballadores segundo datos da Enquisa de Poboación Activa. A nivel estatal apréciase un aumento porcentual moito menor que o acontecido na nosa comunidade, aínda que tamén é positivo, un 10% máis de ocupados estranxeiros desde 2006. Pese a gañar empregados estranxeiros, a taxa de ocupación estatal (ocupados en relación coa poboación de máis de 16 anos) decrece en 8 puntos nos tres últimos anos.

O incremento producido en Galicia débese en maior medida ao crecemento experimentado na ocupación das mulleres estranxeiras, as cales contabilizan no último trimestre de 2008 13.600 empregadas máis que na mesma data de 2006. Tendo en conta a nacionalidade, vemos como o mercado laboral galego perde 4.000 ocupados da UE nos últimos tres anos, mentres que gaña 25.000 empregados non europeos nas mesmas datas.

Atendendo á evolución da ocupación exclusivamente da poboación autóctona, apréciase unha certa estabilidade, prodúcese un aumento dun 0,46% desde 2006, co que se pode dicir que nos últimos anos o emprego das persoas inmigradas evitou un estancamento maior no crecemento do emprego galego.


Evolución da taxa de ocupación en Galicia



Fonte: Enquisa de Poboación Activa INE. Datos en porcentaxe.


Esta estacionalidade no emprego compróbase tamén cando analizamos a evolución do paro en Galicia. Experimentamos un descenso continuado nas taxas de desemprego da poboación galega ata o terceiro trimestre de 2007, aumentando ata dous puntos os resultados desde ese período ata finais de 2008. Pola contra, o paro na poboación estranxeira ten unha traxectoria máis irregular: no último trimestre de 2008 mostra unha taxa de desemprego oito puntos inferior á obtida ao inicio de 2006, feito motivado, como xa comentamos con anterioridade, pola crecente incorporación das mulleres estranxeiras ao mercado de traballo galego.

Evolución da taxa de paro en Galicia



Fonte: Enquisa de Poboación Activa INE. Datos en porcentaxe.

Evolución da taxa de paro da poboación estranxeira en Galicia segundo o xénero



Fonte: Enquisa de Poboación Activa INE. Datos en porcentaxe

Resulta interesante para finalizar este punto realizar unha análise máis pormenorizada da actividade tanto de estranxeiros como de nacionais segundo o nivel de formación alcanzado. Neste caso os datos corresponden á media de activos de 2008 e non ao derradeiro trimestre deste ano como constaba nas táboas anteriores.

Os seguintes gráficos amosan como os estranxeiros teñen unha porcentaxe moito menor, a metade da obtida pola poboación galega, de activos con educación superior, pero maior en educación secundaria de primeira etapa de estudos primarios. Isto traduciríase no mercado laboral nunha menor presenza dos estranxeiros nas categorías máis altas pero maior nas de baixa cualificación. No apartado das afiliacións á Seguridade Social veremos como esta tendencia da poboación inmigrada cara ás categorías baixas existe na realidade, pero tamén comprobaremos como os traballadores galegos, malia mostraren unha maior formación académica, seguen a obter elevadas cifras de empregabilidade tamén nas categorías de baixa cualificación.


En canto ás taxas de actividade, vemos como o feito de que a poboación estranxeira teña un menor nivel formativo en principio non inflúe de igual maneira que no caso dos españois á hora de incorporarse no noso mercado de traballo. O 66,9% dos estranxeiros cos estudos máis baixos atópanse en situación de actividade, mentres que esa cifra se reduce a un 18,7% na poboación autóctona.

POBOACIÓN ACTIVA SEGUNDO O NIVEL DE FORMACIÓN ACADADO. GALICIA 2008.

	Galegos	Porcentaxe	Estranxeiros	Porcentaxe	Total
Analfabetos e estudos primarios	153,5	12,3	15,4	22,9	169,0
Educación secundaria. Primeira etapa	409,3	32,8	26,5	39,4	435,9
Educación secundaria. Segunda etapa	263,6	21,1	13,3	19,8	276,9
Educación superior	421,1	33,8	12,0	17,8	433,1
Total	1.247,5	100,0	67,3	100,0	1.314,80

Fonte: Enquisa de Poboación Activa INE. Datos en miles de persoas e porcentaxe.

Taxa de actividade segundo o nivel de formación acadado



Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE. Datos en porcentaxe.


4. PARO REXISTRADO

A cifra de inmigrantes desempregados en 31 de decembro 2008 rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia ascendía a 8.591 parados, o que supón que o colectivo de estranxeiros en paro da nosa comunidade representa o 4,5% do total da poboación parada de Galicia. Por outra banda, a poboación estranxeira, segundo datos do padrón, supón o 3,4% da poboación galega; polo tanto, o peso deste colectivo no desemprego supera o seu peso poboacional.

O colectivo masculino de estranxeiros amosa unha maior porcentaxe de paro que a que representa o conxunto de mulleres inmigrantes. Os homes acadan o 54,4%, mentres que as mulleres son o 45,6% do total. Todo isto enmarcado nun contexto de paridade case total entre a porcentaxe de residentes estranxeiros na nosa comunidade: 50,07% homes fronte a 49,93% mulleres.

A análise por idades mostra un maior volume de desemprego nos segmentos de poboación máis nova, especialmente se o comparamos co do colectivo de parados autóctonos. Deste xeito, os parados menores de 45 anos provenientes doutros países representan unha porcentaxe superior á de parados galegos. Este feito invértese a partir dos 45 anos, cun maior peso específico do volume de parados autóctonos.


Paro rexistrado por idades. Galicia 2008



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Datos en porcentaxe

A distribución da poboación estranxeira inscrita como parada nas oficinas de emprego de Galicia, segundo a súa procedencia, confirma a preeminencia do colectivo de portugueses, que é o que maior número de residentes lle achega á nosa comunidade. Deste xeito, obsérvase que case a terceira parte dos estranxeiros en situación de desemprego proceden deste país. A continuación sitúanse o colectivo de Colombia (9%), Marrocos (7%), Brasil (6%), Italia (5%) e Arxentina e Uruguai, ambas co 4%.

Paro rexistrado por nacionalidade Galicia 2008




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Datos en porcentaxe.

Segundo o sector de actividade en que desempeñaron o seu último traballo, vemos como o 43,3% dos estranxeiros desempregados a finais de 2008 procedía do sector servizos, o 18,6% da construción, o 9,1% da industria e o 5% da agricultura e da pesca. Ademais, outro 23% dos inscritos non traballara con anterioridade. Chama a atención este dato acerca da importancia que entre a poboación estranxeira en paro ten a presenza de persoas que carecen de experiencia laboral previa. Este colectivo dobra en porcentaxe a cifra que presenta a poboación autóctona (11,9%) nesta mesma situación. Este feito é debido, en parte, á maior xuventude do colectivo de traballadores estranxeiros. De todos os xeitos, a diferenza entre parados inmigrantes e parados galegos menores de 30 anos é, como vimos de observar, de tan só un 2,2% a favor dos estranxeiros, polo que este leve desaxuste resulta insuficiente para explicar por si mesmo o balance desta situación.

Paro rexistrado segundo o sector	Galegos	Estranxeiros
Agricultura e pesca	5.378	428
Construción	25.544	1.594
Industria	29.476	779
Servizos	99.259	3.810
Sen emprego anterior	21.655	1.980


Paro rexistrado por sectores. Galicia 2008



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Datos en valores absolutos e porcentaxes.

No referente ás ocupacións demandadas polos traballadores, a terceira parte da poboación estranxeira en paro busca un traballo non cualificado, concretamente un 34,1% do total, seguidos cun 23,8% dos que demandan un posto de traballo na hostalaría e no comercio. Estes grupos ocupacionais que aglutinan profesións que requiren menor cualificación representan arredor do 60% da demanda de traballo por parte dos inmigrantes en Galicia.

Paro rexistrado por ocupación demandada Galicia 2008



Fonte: Servizo Público de Empleo de Galicia. Datos en porcentaxe.

Se analizamos especificamente as ocupacións, observamos a confirmación deste feito. As 10 máis demandadas fan referencia a traballos que precisan escasa cualificación.

Deste xeito, atopamos en primeiro lugar o persoal de limpeza, requirido fundamentalmente polo colectivo feminino, seguido de dependentes, camareiros e peóns.

OCUPACIÓNS CON MAIOR NÚMERO DE DEMANDANTES ESTRANXEIROS	TOTAL
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL	1.859
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	1.358
CAMAREIRO, EN XERAL	1.357
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	1.244
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	1.091
ALBANEL	836
COCIÑEIRO, EN XERAL	761
MOZO DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN EU/OU MERCADO DE ABASTOS	693
ASISTENTE DOMICILIARIO	668
REPOÑEDOR DE HIPERMERCADO	560

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos.

O colectivo masculino presenta unha maior diversificación na demanda de ocupacións; pola contra, as mulleres estranxeiras amosan unha tendencia máis marcada cara á concentración da demanda. Deste xeito, as dez ocupacións máis solicitadas polas paradas concentran máis do 30% do total. No caso dos homes non chegan ao 20%.

10 primeiras ocupacións demandadas por homes estranxeiros. Galicia 2008	TOTAL	Porcentaxe
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	1.224	4,4
ALBANEL	820	2,9
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	663	2,4
MOZO DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN EU/OU MERCADO DE ABASTOS	625	2,2
CONDUTOR DE FURGONETA DE ATA 3,5 t	452	1,6
CAMAREIRO, EN XERAL	425	1,5
ENCOFRADOR	333	1,2
PINTOR EU/OU EMPAPELADOR	322	1,1
PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, EN XERAL	284	1,0
CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	267	1,0
Total	5.415	19,3
10 primeiras ocupacións demandadas por mulleres estranxeiras. Galicia 2008	TOTAL	Porcentaxe
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL	1.629	6,93
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	1.187	5,05
CAMAREIRO, EN XERAL	932	3,97
ASISTENTE DOMICILIARIO	642	2,73
COCIÑEIRO, EN XERAL	580	2,47
CAMAREIRA DE PISOS (HOSTALARÍA)	459	1,95
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	428	1,82
EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	419	1,78
COIDADOR DE NENOS	398	1,69
EMPREGADO DE FOGAR	395	1,68
Total	7.069	30,09

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos e porcentaxes.

5. AFILIACIÓNS NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL

As afiliacións de estranxeiros en alta laboral en 30 de xuño de 2008 sitúanse en 43.557 cotizacións, o que supón o 4,05% das afiliacións totais á Seguridade Social en Galicia. A comunidade galega é unha das que menor presenza de traballadores inmigrantes ten no conxunto do Estado, a duodécima comunidade. Estes representan o 2,12% do total dos existentes a nivel nacional, mentres que Cataluña e Madrid concentran case a metade dos afiliados foráneos (o 44,62%).

O 72,65% dos afiliados deste colectivo na comunidade está subscrito ao réxime xeral (tres de cada catro traballadores en alta á Seguridade Social), mentres que outro 11,33% do total figura no réxime especial de autónomos, unha porcentaxe relativamente baixa se a comparamos coa ofrecida pola poboación galega, onde un de cada catro traballadores está de alta neste sector. No réxime de empregados do fogar vemos como a proporción de estranxeiros é claramente máis elevada que a da poboación nacional, sector composto maioritariamente por mulleres, como veremos nos seguintes puntos. Tamén nos sectores agrario e do mar os estranxeiros están máis representados que os afiliados autóctonos.

Outra forma de caracterizar o emprego da poboación estranxeira e autóctona en Galicia pasa por determinar a súa dependencia laboral, no sentido de establecer que porcentaxe de poboación traballa por conta allea e cantos o fan por conta propia. Hai que ter en conta que o colectivo de traballadores por conta propia inclúe non só os que traballan no réxime especial de autónomos, senón tamén os que o fan no servizo doméstico para varios empregadores, e os que están por conta propia no réxime do mar.

Desde xaneiro de 2008 os traballadores do réxime agrario por conta propia pasan a formar parte do réxime de autónomos. Tendo en conta que os traballadores do servizo doméstico, aínda que o fagan para varios empregadores, seguen a ser asalariados, e que o número de traballadores estranxeiros por conta propia no réxime do mar resulta insignificante, podemos colixir grosso modo que os empregados estranxeiros por conta propia se corresponden basicamente cos afiliados no réxime de autónomos e que os restantes son asalariados. Sendo así, vemos como a porcentaxe de asalariados que amosa a poboación inmigrante é notablemente superior á da poboación autóctona, cun nivel do 88,67% fronte a un 77,52%.

AFILIACIÓNS EN 30 DE XUÑO DE 2008

	Galegos	Porcentaxe	Estranxeiros	Porcentaxe	TOTAL
Réxime xeral	758.124	73,42	31.643	72,65	789.767
Réxime especial do mar	23.123	2,24	1.411	3,24	24.534
Réxime especial agrario	3.104	0,30	1.247	2,86	4.351
Réxime especial autónomos	232.112	22,48	4.936	11,33	237.048
Réxime especial empregados do fogar	16.170	1,57	4.320	9,92	20.490
TOTAL	1.032.633	100,00	43.557	100,00	1.076.190

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos e porcentaxe.

Malia que o peso da poboación residente estranxeira en Galicia é reducido (un 3,43% da poboación total en 2008), a porcentaxe cobra especial relevancia cando comparamos os afiliados estranxeiros co total da súa poboación en idade de traballar (16-64 anos). Neste caso Galicia supera a proporción estatal: dos empadroados foráneos potencialmente activos no pasado ano 2008 (79.647 persoas) o 54,69% están en situación de afiliados en alta. No conxunto do Estado esta relación está 11 puntos por debaixo da obtida na nosa comunidade, o 43,86%.

Este feito parece indicar que en Galicia o colectivo inmigrante achega un maior nivel de dinamismo en termos de implicación na realidade do mercado laboral.



Analizando o mesmo dato por provincias, observamos como en Lugo cerca do 65% dos empadroados estranxeiros de entre 16 e 64 anos en 2008 se rexistrarían como cotizantes á Seguridade Social en situación de alta laboral, converténdose na provincia galega onde a empregabilidade dos estranxeiros resulta máis positiva.

AFILIACIÓNS EN 30 DE XUÑO DE 2008

	Afiliacións estranxeiros	Afiliacións estranxeiros da provincia en relación cos afiliados totais (%)	Poboación estranxeira en idade de traballar (16-64 anos)	Afiliacións estranxeiros da provincia en relación coa poboación estranxeira en idade de traballar (%)
A Coruña	14.820	34,02	28.268	52,43
Lugo	6.284	14,43	9.752	64,44
Ourense	5.076	11,65	11.566	43,89
Pontevedra	17.211	39,51	30.061	57,25
Galicia	43.557	100,00	79.647	54,69

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos e porcentaxe.

As sete grandes cidades galegas aglutinan algo máis do 44% do total de afiliacións de estranxeiros; a orde sería: Vigo, A Coruña, Lugo, Santiago, Ourense, Pontevedra e Ferrol. Analizando os datos dunha maneira máis desagregada, e tal como podemos ver nos seguintes mapas, o maior volume de cotizacións atopámolo nas comarcas máis poboadas e, en cambio, as maiores porcentaxes de afiliacións de estranxeiros sobre o total de afiliados de cada territorio vémolos nas comarcas do sur e leste de Ourense e nas do sur de Pontevedra.



Atendendo á distribución dos afiliados estranxeiros polo territorio galego tendo en conta o réxime de pertenza, podemos destacar que claramente unha gran parte dos cotizantes foráneos no sector do mar (un 80%) aparecen nas comarcas da Mariña Lucense e nas Rías Baixas. O 53% dos inmigrantes afiliados no réxime agrario están localizados na provincia de Lugo, seguido das comarcas que conforman a provincia de Pontevedra. Nos outros tres réximes (xeral, autónomos e fogar) destacan por volume de cotización as comarcas máis poboadas da comunidade, as que conteñen as sete grandes cidades de Galicia.

AFLIACIÓNS DE ESTRANXEIROS Á SEGURIDADE SOCIAL SEGUNDO O RÉXIME E AS COMARCAS. 2008

Réxime xeral			Réxime especial do mar		
Comarca	TOTAL	Porcentaxe	Comarca	TOTAL	Porcentaxe
Vigo	6.908	21,83	A Mariña Occidental	191	13,54
A Coruña	5.623	17,77	Vigo	186	13,18
Ourense	2.004	6,33	A Mariña Central	169	11,98
Lugo	1.797	5,68	O Morrazo	159	11,27
Santiago	1.706	5,39	A Barbanza	144	10,21
Réxime especial agrario			Réxime especial autónomos		
Comarca	TOTAL	Porcentaxe	Comarca	TOTAL	Porcentaxe
Lugo	129	10,34	Vigo	1.073	21,74
A Mariña Occidental	73	5,85	A Coruña	750	15,19
Os Ancares	71	5,69	Santiago	290	5,88
Deza	69	5,53	Ourense	277	5,61
Terra de Lemos	64	5,13	Lugo	217	4,40
Réxime especial do fogar			Afiliacións todos os réximes		
Comarca	TOTAL	Porcentaxe	Comarca	TOTAL	Porcentaxe
Vigo	1.117	18,07	Vigo	9.136	20,97
A Coruña	809	13,08	A Coruña	7.851	18,02
Lugo	346	5,60	Ourense	2.584	5,93
Santiago	319	5,16	Lugo	2.437	5,59
Ourense	310	5,01	Santiago	2.373	5,45

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos e porcentaxe.


Volvendo ao ámbito da comunidade, os traballadores estranxeiros tiveron un incremento nos últimos dous anos dun 22,78%; en valores absolutos este dato supón un incremento de 11.269 cotizacións. A progresión no último ano non é tan elevada como en períodos anteriores, de 2007 a 2008 obtense un 12,66% máis de afiliacións de estranxeiros.

Esta subida non é suficiente como para paliar o estancamento experimentado nas cotizacións do mercado laboral galego, xa que os afiliados autóctonos só se incrementan nun 1,34% desde 2006, máis concretamente, de 2007 a 2008 perdemos un total de 7.325 traballadores.

A perda de afiliacións en xeral no último ano non é algo privativo da nosa comunidade, pois o conxunto nacional sofre unha redución moi similar á galega de 2007 a 2008, un 0,89% menos de cotizantes fronte ao 0,70% menos na nosa comunidade. A diferenza con Galicia estaría en que a afiliación de estranxeiros creceu aquí case o triplo que a media do Estado, unha variación interanual dun 12,66% fronte ao 4,60 estatal.

Afiliacións estranxeiros segundo o réxime de cotización	2006	2007	2008
Réxime xeral	22.586	28.414	31.643
Réxime especial do mar	1.360	1.452	1.411
Réxime especial agrario	839	953	1.247
Réxime especial autónomos	3.760	4.244	4.936
Réxime especial empregados do fogar	3.743	3.598	4.320
TOTAL	32.288	38.661	43.557

Tendencias 2006 - 2008 das afiliacións segundo réxime de cotización




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos e porcentaxe.

En canto á variación producida por réximes, cómpre mencionar de novo os cambios efectuados na Seguridade Social a partir de xaneiro de 2008, onde desaparece o réxime especial agrario por conta propia e os seus afiliados intégranse no réxime especial de autónomos. Por esta razón, as afiliacións de autónomos son os que máis medran de 2006 a 2008 entre a poboación galega (un 25,79%) e, por outra banda, o réxime agrario perde un 94,17% dos seus efectivos. Esta circunstancia non inflúe do mesmo xeito nos cotizantes estranxeiros, pois o réxime agrario é o que obtén unha maior subida desde 2006, seguida do réxime xeral. A explicación a este tema viría dada polo feito de que os traballadores estranxeiros do sector agrario son maioritariamente empregados por conta allea, sen afectarlles de maneira directa o cambio producido en 2008.

Por outra banda, só unha das 53 comarcas galegas perde afiliados estranxeiros entre 2006 e 2008, a comarca do Ribeiro. No seguinte gráfico destacamos as cinco comarcas que experimentan un maior e menor incremento no volume dos cotizantes foráneos. A análise varía, como xa comentamos con anterioridade, se tomamos en conta a variación producida só no último ano; comprobamos como en 6 comarcas galegas (A Mariña Occidental, O Ribeiro, O Condado, A Ulloa, A Baixa Limia e Fisterra) obteñen valores negativos en canto á cotización de estranxeiros, nas demais o crecemento é moito menor que en anos anteriores.

COMARCAS GALEGAS CON MAIOR E MENOR VARIACIÓN ENTRE 2006 e 2008 EN CANTO A AFILIACIÓNS DE ESTRANXEIROS




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.


No conxunto dos afiliados estranxeiros existe un claro predominio dos homes fronte ás mulleres, aínda que a diferenza diminúe nos últimos anos. De 2006 a 2008 as afiliacións de mulleres medran nun 27%, mentres que os homes experimentan un incremento dun 20%. Esta superioridade numérica dos homes no ámbito das afiliacións faise sentir tamén nos cotizantes autóctonos, aínda que a diferenza é algo menor, un 55,68% fronte a un 44,32% de mulleres.

Se comparamos a proporción de afiliados estranxeiros por sexo en relación coa poboación empadroada en idade de traballar no mesmo período, os datos son moi significativos: podemos afirmar que existe unha maior empregabilidade entre os homes, onde o 70% de empadroados de 16 a 64 anos están en situación de afiliados en alta laboral. Esta proporción baixa 30 puntos porcentuais no caso das mulleres estranxeiras: soamente o 40% das residentes están activas no noso mercado de traballo.

Afiliacións de estranxeiros segundo o xénero. 2008



Afiliacións de galegos segundo o xénero. 2008




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos e porcentaxes.

Unha de cada catro afiliadas foráneas pertence ao réxime especial de empregadas do fogar, sendo este sector o único onde prevalecen as mulleres sobre os homes. As diferenzas entre as afiliacións de ambos os sexos fanse sentir de xeito pronunciado tamén no réxime especial do mar, onde o 97,45% dos cotizantes son homes. O réxime de autónomos é o que máis se aproxima á paridade entre sexos, malia que seguen prevalecendo os homes sobre as mulleres.

A cuarta parte das mulleres afiliadas ao réxime especial do fogar en 2008 son estranxeiras, e mesmo podemos afirmar que as mulleres inmigrantes están a tomar o relevo na atención domiciliaria en Galicia, xa que no último ano estas creceron nun 20%, mentres que as cotizantes autóctonas só o fixeron nun 2%.

AFILIACIÓNS DE ESTRANXEIROS SEGUNDO O XÉNERO E O RÉXIME. GALICIA 2008



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos.

Ambas as poboacións, a galega e a estranxeira, comparten un patrón similar nas características dos seus afiliados no réxime xeral por grupos de idade, aínda que a poboación inmigrante está bastante máis inclinada cara aos tramos de menor idade e presenta un peso moito menor dos maiores de 55, feito que se corresponde coa estrutura poboacional dos seus compoñentes, tal como analizamos no apartado demográfico. Un terzo dos cotizantes estranxeiros en Galicia ten menos de 30 anos e na poboación autóctona esa proporción redúcese a un de cada catro.

Se comparamos os datos cos afiliados estranxeiros no réxime de autónomos, vemos como o perfil cambia: só o 17% ten menos de 30 anos (uns 856 empregados) e, pola contra, aumentan os cotizantes de maior idade, o 75% ten entre 30 e 54 anos (3.684 persoas) e o 8% restante (396) son maiores de 55 anos.

AFILIACIÓNS SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE (réxime xeral)

	GALEGOS	PORCENTAXE	ESTRANXEIROS	PORCENTAXE	TOTAL
Menos de 30 anos	179.623	23,69	10.719	33,87	190.342
30-54 anos	498.195	65,72	19.947	63,04	518.142
Maiores de 55 anos	80.259	10,59	977	3,09	81.236
TOTAIS	758.077	100	31.643	100	789.720


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos e porcentaxe.

As grandes diferenzas atopámolas cando examinamos a tendencia de crecemento de afiliacións entre os anos 2006 e 2008. O incremento de afiliados é moito maior entre o colectivo foráneo en todos os grupos de idade, pero hai que destacar que, mentres que Galicia gaña un total de 3.164 traballadores estranxeiros menores de 30 anos desde 2006, os afiliados nacionais perden 11.587 persoas no mesmo tramo de idade. Non hai que esquecer que no último ano o incremento de afiliados en xeral, tanto de nacionais como de estranxeiros, se ve ralentizado polas circunstancias adversas do mercado de traballo.

Afiliacións de estranxeiros segundo os grupos de idade	2006	2007	2008
Menores de 30 anos	7.855	9.753	10.719
30-54 anos	14.031	17.784	19.947
Maiores de 55 anos	700	877	977

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos e porcentaxe.

Tendencia afiliacións 2006-2008 segundo grupos de idade



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

Facendo unha análise da afiliación en Galicia por grupos de cotización á Seguridade Social, vemos como os afiliados nacionais están algo máis repartidos por todas as categorías profesionais que os estranxeiros e estes últimos concéntranse bastante máis nos grupos baixos: o 81% pertencen aos grupos 8, 9 e 10, correspondentes a oficiais e peóns. Poderíamos dicir que a colocación laboral dos estranxeiros se realiza dentro de certas actividades e ocupacións que se adoitan relacionar con empregos de baixa cualificación. Esta realidade faise máis evidente se cabe no caso dos homes, destacando só os valores obtidos na categoría de auxiliares administrativos, onde as mulleres triplican os cotizantes masculinos.


Onde realmente se aprecian grandes diferenzas é nas afiliacións segundo os grupos de cotización das mulleres estranxeiras en relación coas mulleres galegas: un dato relevante é que o 70% das mulleres foráneas están afiliadas aos grupos máis baixos (8, 9 e 10) e, en cambio, nas nacionais esta porcentaxe baixa ata o 39%, obtendo maior peso nas categorías de elevada cualificación.

AFILIACIÓN SEGUNDO O GRUPO DE COTIZACIÓN (régime xeral)

	GALEGOS	PORCENTAXE	ESTRANXEIROS	PORCENTAXE	TOTAL
01 Enxeñeiros e licenciados. Persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c do Estatuto dos traballadores	56.018	7,39	1.008	3,19	57.026
02 Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	48.747	6,43	412	1,30	49.159
03 Xefes administrativos e de taller	30.652	4,04	488	1,54	31.140
04 Axudantes non titulados	25.240	3,33	550	1,74	25.790
05 Oficiais administrativos	82.514	10,88	1.227	3,88	83.741
06 Subalternos	31.351	4,14	299	0,94	31.650
07 Auxiliares administrativos	91.276	12,04	1.695	5,36	92.971
08 Oficiais de primeira e segunda	176.136	23,23	11.065	34,97	187.201
09 Oficiais de terceira e especialistas	102.043	13,46	6.430	20,32	108.473
10 Peóns	112.429	14,83	8.405	26,56	120.834
11 Traballadores menores de 18 anos, de calquera categoría profesional	1.675	0,22	64	0,20	1.739

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos e porcentaxe.


Afiliacións de estranxeiros segundo grupo de cotización e xénero 2008



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos.

A tendencia producida desde 2006 mostra de novo o maior crecemento producido na afiliación de estranxeiros en todos os grupos de cotización cando a comparamos coa evolución da poboación autóctona, os estranxeiros ven aumentar a súa afiliación por riba do 15% en todas as categorías, aínda que non así na máis baixa de peóns e asimilados. Moi diferentes son os incrementos de afiliacións nas categorías profesionais dos nacionais, os cales se concentran nos grupos máis altos, dándose mesmo un forte decrecemento nas máis baixas.

TENDENCIA DE AFILIACIÓN 2006-2008 SEGUNDO OS GRUPOS DE COTIZACIÓN



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

As actividades con maior proporción de empregados estranxeiros son a construción (29,25%) e a hostalaría (18,20%); ambos os sectores concentran practicamente a metade das afiliacións existentes en 2008 no réxime xeral. A construción tamén era en 2008 a actividade principal dos empregados nacionais, aínda que cun peso moito menor, un 12,11% do total de afiliacións. Cómpre ter en conta que no último ano o sector da construción sofre unha importante desaceleración que xera a caída de afiliacións tanto na poboación nacional como na estranxeira, en concreto de 2007 a 2008 pérdense unhas 7.600 afiliacións en total nesta actividade.

A hostalaría ten unha tendencia moi diferente no caso das afiliacións da poboación galega e estranxeira. A variación interanual é negativa no caso da poboación autóctona, un 1,15% menos de cotizacións, e positiva nos estranxeiros, un 22,61% máis que en 2007, o que supón un incremento de 1.062 traballadores.

AS DEZ ACTIVIDADES MÁIS DESTACADAS ENTRE AS AFILIACIÓNS DE ESTRANXEIROS NO RÉXIME XERAL (CNAE 2 díxitos)

CNAE	Descrición	Afiliacións estranxeiros 2008	Porcentaxe	Porcentaxe de afiliacións na poboación galega
45	Construción	9.256	29,25	12,11
55	Hostalaría	5.760	18,20	4,91
60	Transporte terrestre; transporte por tubos	1.887	5,96	2,82
52	Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	1.821	5,75	9,31
74	Outras actividades empresariais	1.772	5,60	9,63
51	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	1.452	4,59	5,53
15	Industria de produtos alimentarios e bebidas	877	2,77	3,38
85	Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	814	2,57	8,62
28	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	706	2,23	2,55
26	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	639	2,02	1,6

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos e porcentaxe.

Unha de cada catro afiliacións de estranxeiros no réxime de autónomos está enmarcada na rama do comercio polo miúdo, seguida polas dúas actividades que maior inserción laboral teñen no réxime xeral: construción e hostalaría. A actividade principal dos autónomos galegos, en cambio, é a agricultura, gandaría, caza e actividades dos servizos relacionados con elas, cun 20,55% do total de afiliación neste réxime en 2008. De novo inflúe aquí o cambio xa mencionado nas afiliacións de 2008, onde desaparece o réxime especial agrario por conta propia e os seus afiliados pasan a formar parte do réxime de autónomos. Os estranxeiros que traballan neste sector, aínda que son numerosos, caracterízanse por ser empregados por conta allea, en 2008 soamente o 2,17% deles estaban de alta como autónomos nesta actividade.

AS DEZ ACTIVIDADES MÁIS DESTACADAS ENTRE AS AFILIACIÓNS DE ESTRANXEIROS AUTÓNOMOS (CNAE 2 díxitos)

CNAE	Descrición	Afiliacións estranxeiros 2008	Porcentaxe	Porcentaxe de afiliacións na poboación galega
52	Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	1.172	23,74	17,12
45	Construción	1.029	20,85	14,06
55	Hostalaría	906	18,35	10,31
51	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	318	6,44	5,20
74	Outras actividades empresariais	275	5,57	5,43
80	Educación	145	2,94	1,40
85	Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	119	2,41	2,05
01	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas	107	2,17	20,55
60	Transporte terrestre; transporte por tubos	105	2,13	5,04
93	Actividades diversas de servizos persoais	104	2,11	3,16


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos e porcentaxe.

A distribución das afiliacións por países de orixe ímola analizar con datos correspondentes á media de decembro de 2008, xa que son os últimos datos dispoñibles desagregados por esta variable. Os resultados amosan que o colectivo de portugueses constituía nesta data o máis numeroso entre a poboación estranxeira afiliada á Seguridade Social. Portugal ten 11.733 efectivos, o que viña representar nesa data case a terceira parte do total das nacionalidades, concretamente o 32,8%.

Máis do 90% dos estranxeiros afiliados á Seguridade Social en Galicia estrutúranse en dous grandes bloques. En primeiro lugar, os provenientes de países da Unión Europea, que, con Portugal á cabeza, representan o 49% do total. O segundo gran bloque está constituído polos latinoamericanos, cun 42,6% do total de afiliados.

Tras os portugueses, o colectivo máis numeroso son os colombianos, que en Galicia rexistraban 3.642 afiliados, o que vén ser o 10% do total de afiliacións de estranxeiros á Seguridade Social. A continuación, o maior número segundo a nacionalidade viña dado por brasileiros, romaneses, peruanos e marroquís; todos eles acadaron unha cifra superior a 2.000 afiliados. No resto de países os afiliados oscilan entre os 937 de Cuba e os 1.775 de Arxentina.

Afiliación de estranxeiros á Seguridade Social segundo a nacionalidade. Media Decembro 2008




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos.

O feito de relacionar a poboación estranxeira que vive de xeito permanente na nosa comunidade co seu nivel de alistamento no sistema de Seguridade Social constitúe un indicador que nos permite calibrar o grao de implicación laboral dos residentes estranxeiros no noso tecido produtivo.

Os resultados que presenta indícanos que os nacionais dos países que rexistran unha maior porcentaxe de afiliación son os peruanos, portugueses e dominicanos, todos eles por riba do 50%. O resto de orixinarios doutras nacionalidades oscilan entre o 46% de Cuba e o 23,3 de Brasil.

Afiliados estranxeiros en relación coa poboación empadroada de cada nacionalidade. Media Decembro 2008



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

De entre os residentes peruanos case o 75% estaban afiliados á Seguridade Social, o que supón en decembro de 2008 que de cada catro peruanos que vivían en Galicia tres estaban afiliados. A porcentaxe de portugueses baixa ata o 63%, é dicir, unha proporción de dous de cada tres residentes.

A distribución por países de orixe do conxunto da poboación afiliada á Seguridade Social en Galicia distribuíase en decembro de 2008 por réximes do xeito que presenta a seguinte táboa.

**AFILIADOS ESTRANXEIROS POR RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL E PAÍS DE ORIXE.
MEDIA DECEMBRO DE 2008**

	RÉXIME XERAL	RÉXIME E. AUTÓNOMOS	RÉXIME E. AGRARIO	RÉXIME E. MAR	RÉXIME E. FOGAR	TOTAL
PORTUGAL	9.687	1.318	312	251	165	11.733
COLOMBIA	2.415	236	67	6	918	3.642
BRASIL	1.678	251	20	5	511	2.465
ROMANÍA	1.340	312	345	12	86	2.095
PERÚ	1.000	53	80	431	479	2.043
MARROCOS	1.177	211	267	191	159	2.005
ARXENTINA	1.363	284	6	4	118	1.775
URUGUAI	1.294	160	8	6	163	1.631
DOMINICANA (REPÚBLICA)	894	54	29	6	502	1.485
VENEZUELA	913	156	6	4	128	1.207
ITALIA	844	265	2	4	13	1.128
CHINA	478	518	8	0	64	1.068
CUBA	695	77	14	8	143	937
FRANCIA	484	122	6	3	4	619
REINO UNIDO	313	169	1	1	5	489
ALEMAÑA	274	100	2	1	1	378
BULGARIA	257	22	17	0	19	315
POLONIA	191	17	10	1	14	233
PAÍSES BAIXOS	64	28	1	0	4	97
IRLANDA	66	22	0	0	0	88
BÉLXICA	47	26	0	0	0	73
LITUANIA	40	5	2	1	0	48
REPÚBLICA CHECA	32	2	1	0	1	36
ESLOVAQUIA	22	2	0	0	1	25
SUECIA	15	9	0	1	0	25
GRECIA	19	2	0	0	0	21
HUNGRÍA	16	2	0	0	0	18
DINAMARCA	13	5	0	0	0	18
AUSTRIA	15	1	0	1	0	17
FINLANDIA	12	1	0	1	0	14
ESLOVENIA	11	1	0	0	0	12
LETONIA	10	1	0	1	0	12
ESTONIA	9	1	0	0	0	10
RESTO PAÍSES	3.811	508	124	723	1.025	6.191
TOTAL	29.500	4.941	1.328	1.662	4.523	41.953

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos.

No réxime xeral as cinco nacionalidades que presentan máis afiliados correspóndense coas que achegan un maior número de efectivos ao total do sistema, coa única excepción de Arxentina, que substitúe a Perú. Así, portugueses, colombianos, brasileiros, arxentinos e romaneses achegan por esta orde o maior número de efectivos ao réxime xeral.

Non pasa o mesmo no réxime de autónomos, que aglutina a inmensa maioría dos traballadores por conta propia. Os portugueses seguen a ser os máis numerosos; pola contra, os latinoamericanos de Colombia, Brasil e Perú rexistraron menor actividade autónoma, mentres que chineses, arxentinos e italianos emerxeron como os traballadores con maior iniciativa empresarial e constituíronse como traballadores por conta propia.

Pola súa banda, romaneses, portugueses e marroquís aglutinan case o 70% do total de afiliados no réxime agrario.

O réxime do mar tamén rexistra unha grande concentración en traballadores de tres nacionalidades: peruanos, portugueses e marroquís son os traballadores estranxeiros que destacan na actividade pesqueira.

As traballadoras latinoamericanas son as máis representadas nas actividades de servizo doméstico como empregadas de fogar; as principais nacionalidades implicadas correspóndense con persoas orixinarias de Colombia, Brasil, República Dominicana, Perú, Portugal e Uruguai.

PORCENTAXE DE AFILIACIÓN POR PRINCIPAIS NACIONALIDADES SOBRE O TOTAL DE AFILIADOS ESTRANXEIROS EN CADA RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL. MEDIA DECEMBRO 2008.

RÉXIME XERAL			RÉXIME AUTÓNOMOS		
PAÍS	AFILIADOS	%	PAÍS	AFILIADOS	%
PORTUGAL	9.687	32,84	PORTUGAL	1.318	26,67
COLOMBIA	2.415	8,19	CHINA	518	10,48
BRASIL	1.678	5,69	ROMANÍA	312	6,31
ROMANÍA	1.340	4,54	ARXENTINA	284	5,75
PERÚ	1.000	3,39	ITALIA	265	5,36
RÉXIME DO MAR			RÉXIME EMPREGADOS DO FOGAR		
PAÍS	AFILIADOS	%	PAÍS	AFILIADOS	%
PERÚ	431	25,93	COLOMBIA	918	20,30
PORTUGAL	251	15,10	BRASIL	511	11,30
MARROCOS	191	11,49	DOMINICANA (REP.)	502	11,10
ROMANÍA	12	0,72	PERÚ	479	10,59
CUBA	8	0,48	PORTUGAL	165	3,65
RÉXIME AGRARIO					
PAÍS	AFILIADOS	%			
ROMANÍA	345	25,98			
PORTUGAL	312	23,49			
MARROCOS	267	20,11			
PERÚ	80	6,02			
COLOMBIA	67	5,05			

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Valores absolutos e porcentaxes.

Como xa comentamos, a importancia que ten o réxime xeral como principal receptor da inserción da meirande parte da poboación inmigrante implica que os traballadores estranxeiros teñan unha porcentaxe de asalarización superior á dos traballadores autóctonos e, polo tanto, unha presenza proporcionalmente menor dentro do emprego autónomo. Esta tendencia que amosa a baixa incidencia do traballo por conta propia dentro do colectivo inmigrante vese subitamente cuestionada polo peculiar comportamento que a comunidade chinesa ten no noso mercado laboral. A súa disposición para a apertura de pequenos negocios de venda e de hostalaría eleva a súa porcentaxe de afiliación ao réxime de autónomos ata o 48,5%, o que representa máis do dobre que a afiliación dos traballadores autóctonos neste réxime, e catro veces máis que a media dos traballadores estranxeiros, que non chega ao 12%. Trátase dun caso pouco usual dado que incluso presentan unha inserción maior na actividade por conta propia que no propio réxime xeral.

O resto dos colectivos de traballadores doutros países rexistran porcentaxes de inserción moi inferiores. Os arxentinos son os que amosan unha maior incidencia na actividade por conta propia; a súa porcentaxe de afiliación do 16% no réxime de autónomos hai que ponderala á alta, dado que a composición do colectivo de traballadores italianos, que rexistran unha porcentaxe de afiliación do 23,5%, vén estar constituída fundamentalmente por latinoamericanos que posúen a dobre nacionalidade e, dentro destes, maioritariamente por arxentinos.

A presenza dos latinoamericanos é particularmente intensa nas actividades de servizo doméstico propias do réxime de fogar. Como sabemos, trátase dunha actividade case exclusivamente desempeñada por mulleres, e nela destaca especialmente a alta incidencia que presentan os nacionais da República Dominicana, de xeito que a terceira parte da inserción laboral do total de afiliados se dá dentro deste grupo. Colombianas, peruanas, brasileiras, cubanas e venezolanas tamén amosan unha alta actividade laboral como empregadas de fogar, todas por riba do 10%, e no caso das tres primeiras nacionalidades superan mesmo o 20% da porcentaxe de afiliados neste réxime.

O colectivo de traballadores de Perú e Marrocos, xunto co caso específico dos chineses, dos que xa falamos, rexistran unha presenza menor dentro das actividades englobadas no réxime xeral, feito que vén motivado polo elevado nivel de implicación laboral que mostran en actividades do sector primario: agrarias e pesqueiras, e, como acabamos de ver, no réxime de empregadas de fogar, especialmente no caso de Perú. Concretamente no réxime agrario da Seguridade Social, a presenza de romaneses e marroquís resulta moi elevada, se temos en conta a cada vez menor importancia dun sector en recesión no conxunto da economía galega. No caso dos romaneses, a porcentaxe de afiliación chega a acadar o 16,5% do total de afiliados desa nacionalidade na nosa comunidade autónoma, unha porcentaxe que vén acompañada pola tamén alta porcentaxe de traballadores de Marrocos, que rexistran un 13,3%.

Por último, no réxime do mar destaca a significativa incidencia que as actividades pesqueiras teñen dentro do colectivo de traballadores de Perú (21,1%) e de Marrocos (9,5%).

PORCENTAXE DE AFILIADOS NOS PAÍSES MÁIS REPRESENTATIVOS SEGUNDO OS RÉXIMES DA SEGURIDADE SOCIAL. MEDIA DECEMBRO 2008.

PAÍS	RÉXIME XERAL	RÉXIME AUTÓNOMOS	RÉXIME AGRARIO	RÉXIME MAR	RÉXIME FOGAR
PORTUGAL	82,6%	11,2%	2,7%	2,1%	1,4%
COLOMBIA	66,3%	6,5%	1,8%	0,2%	25,2%
BRASIL	68,1%	10,2%	0,8%	0,2%	20,7%
ROMANÍA	64,0%	14,9%	16,5%	0,6%	4,1%
PERÚ	48,9%	2,6%	3,9%	21,1%	23,4%
MARROCOS	58,7%	10,5%	13,3%	9,5%	7,9%
ARXENTINA	76,8%	16,0%	0,3%	0,2%	6,6%
URUGUAI	79,3%	9,8%	0,5%	0,4%	10,0%
DOMINICANA (REPÚBLICA)	60,2%	3,6%	2,0%	0,4%	33,8%
VENEZUELA	75,6%	12,9%	0,5%	0,3%	10,6%
ITALIA	74,8%	23,5%	0,2%	0,4%	1,2%
CHINA	44,8%	48,5%	0,7%	0,0%	6,0%
CUBA	74,2%	8,2%	1,5%	0,9%	15,3%


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos en porcentaxe.

6. CONTRATACIÓN LABORAL

O incremento contractual dos estranxeiros en Galicia foi continuado e sostido, aínda que moderado no seu crecemento.

CONTRATOS		
Galicia 2008	TOTAL	Porcentaxe
Galegos	728.288	91,7
Estranxeiros	66.170	8,3
Total xeral	794.458	100


Evolución da contratación a estranxeiros en Galicia



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos e porcentaxe.

No gráfico observamos as trece nacionalidades que rexistraron no ano 2008 unha maior presenza de contratos.

Contratos a estranxeiros segundo nacionalidades. Galicia 2008.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos.

En termos xerais as nacionalidades con maior continxente de traballadores presentan un crecemento da súa contratación nos dous últimos anos, agás Colombia, Uruguai e Portugal, que rexistraron un descenso no ano 2008, e Arxentina, que experimentou un retroceso en 2007 e 2008.

Crecedemento dos contratos a estranxeiros segundo a nacionalidade

PAÍS	2006	2007	2008
PERÚ	2.061	2.570	3.614
BRASIL	1.932	2.888	3.708
DOM. REP	1.006	1.502	1.914
MARROCOS	3.005	3.103	3.710
ECUADOR	1.070	1.442	1.681
ROMANÍA	1.779	2.698	3.121
ITALIA	1.601	1.895	2.080
CUBA	1.628	1.643	1.798
VENEZUELA	1.748	1.804	1.932
COLOMBIA	4.966	5.683	5.661
URUGUAI	2.525	2.611	2.462
ARXENTINA	3.164	3.096	2.832
PORTUGAL	16.626	20.644	18.706


Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos.

O crecemento contractual do conxunto dos estranxeiros das principais nacionalidades en 2008 (8,8%) foi inferior ao do ano anterior (15,5%). De feito, a porcentaxe de contratación incrementouse en menor medida que no ano 2007, agás nos nacionais de Perú, Marrocos, Cuba e Venezuela.

Como observamos no gráfico, a evolución porcentual sitúa os peruanos, brasileiros e dominicanos cun crecemento por riba da media, igual que sucedía en 2007.

Chama a atención o descenso de contratos a portugueses no ano 2008, que caeron un 10% con respecto ao ano anterior, que rexistrou un incremento do 19%.

Variación interanual da contratación a estranxeiros segundo nacionalidades 2007-2008



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Datos en Porcentaxe

Os contratos a mulleres representan o 32,4% dos contratos feitos a estranxeiros en Galicia para o ano 2008. É dicir, algo menos da terceira parte. Trátase dunha porcentaxe inferior ao conxunto de mulleres estranxeiras residentes, que é do 49,9%, mentres que no caso da poboación masculina os contratos a homes representan o 67,6%, sendo a porcentaxe de residentes estranxeiros masculinos do 51,1%. Este desfase apenas sufriu variación nos últimos anos.


Evolución dos contratos a estranxeiros segundo o xénero

	Home	Muller
2006	70,7%	30,4%
2007	69,6%	30,4%
2008	67,6%	32,4%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Datos en porcentaxe.

No gráfico apreciamos a gran diferenza existente entre a contratación masculina e a feminina dentro dos traballadores portugueses, que son os máis numerosos na nosa comunidade. O mesmo sucede cos marroquís. No resto de nacionalidades as diferenzas entre ambos os sexos son máis moderadas. Os contratos a mulleres predominan sobre os masculinos, especialmente nos continxentes de colombianos (58,6%) e brasileiros (57,3%).

Contratos a estranxeiros segundo o xénero e nacionalidades



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos.

As mulleres provenientes de Colombia, Portugal e Brasil rexistran o maior número de contratos. As colombianas amosan unha tendencia á baixa desde 2006, mentres que portuguesas e especialmente brasileiras incrementan a súa actividade laboral nos últimos anos.

Contratos a mulleres estranxeiras segundo a nacionalidade. Galicia 2008

	Porcentaxe en 2006	Porcentaxe en 2007	Porcentaxe en 2008	Total 2008
COLOMBIA	19,5	17,5	15,5	3.318
PORTUGAL	13,0	14,2	14,9	3.196
BRASIL	6,9	8,8	9,9	2.126
ARXENTINA	8,4	7,7	6,2	1.326
VENEZUELA	6,3	5,4	5,3	1.131
DOMINICANA, REPÚBLICA	3,8	4,4	5,1	1.088
PERÚ	2,9	2,9	4,7	1.008
URUGUAI	6,4	5,3	4,4	943
ROMANÍA	2,7	3,8	4,0	860
CUBA	4,0	3,4	3,5	740
ITALIA	4,2	3,7	3,2	685
ECUADOR	2,9	3,1	2,9	623
MARROCOS	1,8	1,9	2,4	504

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Datos en Porcentaxe e totais.


En xeral, a poboación estranxeira contratada está máis inclinada cara a tramos de menor idade que a autóctona. De feito, case o 88% dos contratos a inmigrantes se realizaron con menores de 46 anos, e deles o 61% con menores de 36.

Estranxeiros contratados segundo tramos de idade. Galicia 2008

IDADES	TOTAL	Porcentaxe
<26	13.715	20,7
26 a 35	26.661	40,3
36 a 45	17.654	26,7
46 a 55	7.029	10,6
56 a 65	1.063	1,6
>65	37	0,1
Total	66.159	100


Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos e porcentaxes.

Se tomamos como referencia os contratos acumulados nos tres últimos anos, obsérvase dentro das comarcas galegas unha clara maioría de contratos realizados con portugueses sobre os demais levados a cabo con estranxeiros doutras nacionalidades. Concretamente en 43 das 53 comarcas galegas predomina a contratación formalizada con traballadores desta orixe. A Fonsagrada, Meira, Os Ancares e Terra de Trives son as catro comarcas onde predominan os contratos formalizados con traballadores de orixe romanesa. Nas comarcas de Betanzos e na de Lugo, o maior volume de contratación recaeu sobre os orixinarios de Colombia. Os traballadores peruanos son os máis contratados nas comarcas limítrofes de Muros e Noia; trátase maioritariamente de contratos a homes na actividade pesqueira. Por último, no Morrazo e no Sar os contratos formalizados con marroquí son os máis numerosos; en ambas as comarcas a contratación de traballadores desta nacionalidade foi case exclusivamente masculina



A comarca que rexistra unha maior porcentaxe de contratación a estranxeiros é a Mariña Central, cun 20% no ano 2008, seguida da comarca do Baixo Miño, cun 19,7%. Nesta última o protagonismo recae maioritariamente nos traballadores portugueses, mentres que no caso da Mariña Central, a actividade contractual reflicte unha maior diversidade. Nesta comarca, os contratos foron subscritos principalmente por portugueses, marroquí, caboverdianos, peruanos e indonesios. As outras dúas mariñas tamén rexistran unha importante porcentaxe da contratación a estranxeiros, especialmente a Mariña Occidental (17,1%). Nas comarcas de Meira, Ortegaal, Valdeorras, Deza e Verín os contratos a estranxeiros tamén superaron o 15% no ano 2008.

As comarcas máis poboadas non son as que porcentualmente amosan un maior dinamismo laboral no ritmo de contratación a inmigrantes. Neste sentido, constatamos que a comarca de Lugo é a única na que os contratos a estranxeiros superan o 10% do total no ano 2008. O resto das comarcas máis poboadas e con maior actividade empresarial atópanse por debaixo desta cifra.



Os contratos a estranxeiros experimentaron un incremento continuo nos últimos anos nas principais cidades galegas. Esta tendencia de crecemento anual mantén unha liña moderada sen que se observen bruscos incrementos no ritmo de contratación.

Igual que sucedía coas comarcas, o concello de Lugo presenta a maior porcentaxe de contratación a inmigrantes. Porén, falando en termos absolutos, podemos dicir que a maior actividade contractual se rexistra nas dúas cidades máis poboadas e industrializadas: Vigo (11.967 contratos) e A Coruña (9.174). Ferrol e Santiago son as cidades onde o colectivo de traballadores estranxeiros parece atopar menos oportunidades para poder desempeñar a súa actividade laboral. A capital de Galicia superou lixeiramente o 5% na contratación de inmigrantes. Na cidade de Ferrol os contratos foron pouco máis de 1.300 e a porcentaxe situouse por debaixo do 5%. Os portugueses acaparan o maior número de contratos, seguidos de colombianos, agás en Santiago, onde estes se sitúan en terceiro lugar tras os arxentinos. En Lugo os colombianos son os máis contratados, seguidos dos portugueses.

Contratos a estranxeiros nas principais cidades galegas segundo a nacionalidade

A CORUÑA	2006	2007	2008	FERROL	2006	2007	2008
TOTAL A CORUÑA	6.816	8.260	9.174	TOTAL FERROL	787	1.022	1.334
PORCENTAXE	5,3	6,5	7,9	PORCENTAXE	3,0	3,6	4,6
PORTUGAL	848	1.466	1.506	PORTUGAL	146	283	226
COLOMBIA	766	855	814	COLOMBIA	186	180	261
ARXENTINA	536	570	479	BRASIL	34	57	75
PERÚ	313	450	682	ROMANÍA	23	80	60
BRASIL	296	534	588	ECUADOR	15	33	90
ITALIA	389	478	533	MARROCOS	25	38	73
URUGUAI	458	416	449	PERÚ	47	27	36
MARROCOS	361	323	386	ARXENTINA	21	32	54
VENEZUELA	356	321	367	FRANCIA	32	35	34
CUBA	326	316	343	VENEZUELA	24	38	33
ECUADOR	179	310	299	CUBA	28	36	19
ROMANÍA	132	194	277	URUGUAI	25	16	29
SENEGAL	194	149	201	CHINA	19	16	24
LUGO	2006	2007	2008	OURENSE	2006	2007	2008
TOTAL LUGO	2.293	2.886	3.331	TOTAL OURENSE	2.182	2.355	2.498
PORCENTAXE	7,5	8,9	10,8	PORCENTAXE	6,9	7,5	8,3
COLOMBIA	453	515	581	PORTUGAL	902	920	922
PORTUGAL	405	515	553	COLOMBIA	255	308	278
MARROCOS	220	247	350	VENEZUELA	167	168	178
ROMANÍA	145	244	285	BRASIL	84	114	167
DOMINICANA, REP.	129	174	232	ARXENTINA	126	87	84
BRASIL	114	173	214	ROMANÍA	77	104	98
CUBA	156	158	130	REPÚBLICA DOM.	60	80	131
ARXENTINA	95	118	104	MARROCOS	58	64	66
URUGUAI	76	98	87	ECUADOR	55	52	78
PERÚ	26	81	144	ITALIA	47	58	57
VENEZUELA	53	65	66	CUBA	36	41	48
ITALIA	61	53	62	SENEGAL	21	37	49
				CHINA	30	40	31

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos e porcentaxes.

VIGO	2006	2007	2008	PONTEVEDRA	2006	2007	2008
TOTAL VIGO	9.531	11.317	11.967	TOTAL PONTEVEDRA	1.640	2.205	2.284
PORCENTAXE	6,3	7,3	8,5	PORCENTAXE	6,2	7,8	7,9
PORTUGAL	3.284	3.699	3.593	PORTUGAL	504	852	814
COLOMBIA	685	827	852	COLOMBIA	215	255	230
URUGUAI	646	765	734	BRASIL	105	116	147
ARXENTINA	727	664	622	MARROCOS	83	111	105
BRASIL	365	525	642	ARXENTINA	111	90	79
ITALIA	362	466	475	ECUADOR	70	78	85
PERÚ	305	385	527	URUGUAI	82	80	71
CUBA	315	388	474	VENEZUELA	61	67	65
VENEZUELA	353	362	431	ITALIA	61	53	58
MARROCOS	332	299	314	ROMANÍA	27	45	45
SENEGAL	179	345	324	GHANA	24	21	71
				CUBA	25	35	43

SANTIAGO	2006	2007	2008
TOTAL SANTIAGO	2.983	3.352	3.409
PORCENTAXE	4,7	5,0	5,4
PORTUGAL	1.037	978	762
ARXENTINA	381	455	338
COLOMBIA	191	249	235
ITALIA	176	179	145
BRASIL	88	130	264
VENEZUELA	94	126	171
CUBA	84	117	168
URUGUAI	135	113	89
PERÚ	59	77	179
REPÚBLICA DOM.	63	102	109
MARROCOS	47	69	118
ECUADOR	49	64	96
REINO UNIDO	65	52	74

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos e porcentaxes

O 65% do total de contratos realizados con estranxeiros no ano 2008 en Galicia correspóndense coas once ocupacións que sinalamos na táboa. Son todas elas de baixa cualificación e os salarios sitúanse nun segmento de remuneración tamén baixo. Os camareiros e os albaneis foron as ocupacións con maior afluencia de contratación estranxeira.

Contratos a estranxeiros segundo as ocupacións	TOTAL	2008 Porcentaxe
Total xeral	66.170	100
Camareiros, barmans e asimilados	8.769	13,3
Albaneis e canteiros	6.414	9,7
Peóns de industrias manufactureiras	4.803	7,3
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	4.051	6,1
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	2.889	4,4
Peóns da construción de edificios	2.887	4,4
Peóns do transporte e descargadores	2.823	4,3
Pescador por conta allea de altura	2.638	4,0
Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados	2.608	3,9
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	2.436	3,7
Condutores de camións	2.349	3,5

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos e porcentaxes

Os albaneis adquiren a maior preeminencia na contratación masculina, mentres que as mulleres se empregan fundamentalmente como camareiras e limpadoras. Máis dun de cada catro contratos formalizados con mulleres no ano 2008 correspondeuse coa ocupación de camareira.

Contratos homes estranxeiros. Galicia 2008	Total	Porcentaxe con respecto ao total de contratos a homes
Albaneis e canteiros	6.343	14,2
Peóns de industrias manufactureiras	3.833	8,6
Camareiros, barmans e asimilados	3.111	7
Peóns da construción de edificios	2.832	6,3
Pescador por conta allea de altura	2.617	5,9
Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados	2.587	5,8
Peóns do transporte e descargadores	2.463	5,5
Condutores de camións	2.274	5,1
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	930	2,1
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	761	1,7

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos e porcentaxes.

Contratos mulleres estranxeiras. Galicia 2008	Total	Porcentaxe con respecto ao total de contratos a mulleres
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	5.658	26,4
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	3.290	15,3
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	1.959	9,1
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	1.841	8,6
Peóns de industrias manufactureiras	970	4,5
Telefonistas	448	2,1
Asistentes domiciliarios	394	1,8
Peóns do transporte e descargadores	360	1,7
Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe	322	1,5
Taquígrafos e mecanógrafos	287	1,3

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos e porcentaxes.

A maior parte da contratación a inmigrantes efectuouse nas categorías profesionais que requiren menor nivel de cualificación. A medida que ascendemos na gradación xerárquica dos grupos ocupacionais, as porcentaxes de contratación estranxeira diminúen proporcionalmente. Este non é un feito propiamente específico do colectivo inmigrante, acontece igualmente coa poboación autóctona. A preeminencia das ocupacións de menor categoría profesional e retributiva é unha característica estrutural do noso mercado de traballo. De todos os xeitos, os contratos a estranxeiros acadan unha porcentaxe substancialmente menor que a que rexistra a contratación autóctona nos grupos ocupacionais máis altos.

Os venezolanos e cubanos son os traballadores que presentan un perfil laboral máis similar ao dos galegos. Foron contratados, en maior proporción, en postos de máis responsabilidade e cualificación profesional que os traballadores doutras nacionalidades. A continuación sitúanse os arxentinos e uruguaios, mentres que o resto dos traballadores orixinarios doutros países presentes no noso mercado laboral tenden a ser contratados en maior medida nos grupos ocupacionais de menor nivel profesional e retributivo.


Contratos a estranxeiros por grandes grupos ocupacionais segundo a nacionalidade

Ano 2008	POR	BRA	COL	ARX	CUBA	URU	MARR	ROM	VEN	PERÚ	GALICIA
Dirección de empresas e de administracións públicas	0,1		0,1	0,1				0,1	0,3		0,3
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	2,4	1,7	1,6	3,1	6,2	3,9			5,6	2,5	8,9
Técnicos e profesionais de apoio	2,3	3	2,1	6,2	6	4,1			7,9		8,9
Empregados de tipo administrativo	1,2	3,3	4,1	7,2	5	5			11	2	10,1
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	12,4	5	6,6	8,6		7,9	6,7	10,1		7,8	9,9
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	9,9	44,8	38,5	39,9	43,4	36,8	12,6	16,8	38,4	20,5	23,6
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	2,7		1				11,3	11,9		21,8	1,4
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción, e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	47,6	13,1	12,1	12		17,4	25,1	23,1		17,8	12,4
Traballadores non cualificados	21,4	28,1	33,8	21,9	24,5	24,3	42,8	33,9	24,5	26,3	24,5

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Datos en porcentaxe.

Como podemos observar no seguinte gráfico, a construción e a hostalaría son os sectores produtivos que recollen o maior volume de inserción laboral do colectivo de estranxeiros presente no noso mercado laboral. A suma dos contratos recollidos nos dous sectores representa o 55% do total da contratación a estranxeiros rexistrada en 2008.

Contratos estranxeiros segundo a Clasificación Nacional de Actividades (CNAE), división a dous díxitos. Galicia 2008



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos.

A maioría dos contratos realizados a estranxeiros foron temporais, 54.646 sobre un total de 66.170. As mulleres estranxeiras sofren a temporalidade máis que os homes. No gráfico podemos apreciar como os contratos temporais a mulleres inmigrantes representan o 85,4%, catro puntos por riba da contratación temporal masculina.


Pola contra, a contratación indefinida masculina acada o 17,3%, o que representa unha porcentaxe superior en cinco puntos á contratación indefinida feminina.

Contratos estranxeiros segundo a tipoloxía. Galicia 2008

TIPOLOXÍA CONTRACTUAL	Home	Muller	Total
Indefinido	7.306	1.834	9.140
Indef. tempo parcial	432	805	1.237
Outros	316	221	537
Prácticas/Formación	340	259	599
Temporal	32.432	10.767	43.199
Temporal tempo parcial	3.894	7.553	11.447
(en branco)	6	5	11
Total estranxeiros	44.726	21.444	66.170

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Valores absolutos.

Contratos estranxeiros segundo a tipoloxía. Galicia 2008



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Datos en porcentaxe



7. PERFIL SOCIOLABORAL DA POBOACIÓN ESTRANXEIRA E GALEGA 2008 (DATOS EN PORCENTAXE)

	2008	Estranxeiros			Galegos		
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Xénero		50,07	49,93	100	48,22	51,78	100
Idade	0-14	12,78	12,06	12,42	12,05	10,52	11,26
	15-24	15,29	15,46	15,37	10,55	9,38	9,94
	25-34	28,41	29,77	29,09	15,84	14,40	15,10
	35-49	29,47	27,44	28,46	22,90	21,58	22,22
	50-64	10,08	10,77	10,42	19,52	18,92	19,21
	65 e +	3,97	4,50	3,38	19,14	25,19	22,27
Tendencia poboacional 2004-2008		40,64	29,97	35,10	-0,09	-0,19	-0,14
Situación profesional (EPA)	Taxa de actividade	89,96	74,94	81,57	62,32	47,07	54,38
	Taxa de ocupación	77,03	66,98	71,42	57,04	41,93	49,17
	Taxa de paro	14,38	10,62	12,45	8,46	10,93	9,58
Afiliacións por xénero		63,35	35,65	100	55,68	44,32	100
Afiliacións por réxime	Réxime xeral	78,90	61,83	72,65	73,54	73,26	73,42
	Réxime especial do mar	4,98	0,23	3,24	2,84	1,48	2,24
	Réxime especial agrario	3,96	0,96	2,86	0,33	0,26	0,30
	Réxime especial autónomos	11,38	11,26	11,33	23,25	21,51	22,48
	Réxime especial empregados do fogar	0,78	25,75	9,92	0,04	3,49	1,57
Tendencia na afiliación 2006-2008		20,49	26,95	22,79	-0,65	3,95	1,34
Contratos por xénero		67,59	32,41	100	50,24	49,76	100
Contratos por idade	16-24	16,37	19,10	17,26	26,55	24,59	25,58
	25-34	39,17	42,81	40,35	36,59	38,23	37,41
	35-49	37,99	32,95	36,36	27	30,06	28,52
	50-64	6,38	5,12	5,97	9,67	7,04	8,36
	65 e +	0,09	0,03	0,07	0,18	0,08	0,13

	2008	Estranxeiros			Galegos		
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Contratos por subsectores de actividade	Agricultura e pesca	11,63	1,66	8,40	3,90	1,12	2,52
	Comercio e hostalaría	15,80	50,09	26,91	14,93	27,03	20,95
	Construción	37,48	1,55	25,83	16,44	1,22	8,87
	Electricidade	0,04	0	0,03	0,14	0,05	0,10
	Industria	9,85	6,46	8,75	11,71	7,70	9,71
	Outros servizos	15,68	37,37	22,71	40,88	57,48	49,14
	Transporte e comunicacións	9,53	2,87	7,37	11,99	5,41	8,72
Contratos por tipoloxía	Indefinido	16,34	8,55	13,82	10,11	6,89	8,51
	Indefinido tempo parcial	0,97	3,75	1,87	1,23	3,11	2,16
	Temporal	72,52	50,22	65,30	67,54	56,96	62,28
	Temporal tempo parcial	8,71	35,23	17,30	15,26	30,10	22,64
	Prácticas/Formación	0,76	1,21	0,91	2,10	1,68	1,89
	Outros	0,71	1,03	0,81	3,77	1,26	2,52
Tendencia na contratación 2006-2008		10,62	24,35	14,72	-12,31	-6,24	-9,39
Paro rexistrado por xénero		54,42	45,58	100	43,73	56,27	100
Paro rexistrado por idade	16-24	10,99	9,47	10,30	13,23	7,91	10,23
	25-34	33,37	35,19	34,20	27,58	26,49	26,97
	35-49	40,56	40,17	40,38	30,07	36,89	33,91
	50-64	15,08	15,17	15,12	29,13	28,71	28,89
Paro rexistrado por subsectores de actividade	Agricultura e pesca	7,89	1,51	4,98	4,65	1,65	2,97
	Comercio e hostalaría	10,99	29,24	19,31	14,07	27,14	21,42
	Construción	32,75	1,61	18,55	29,21	2,34	14,09
	Electricidade	0,19	0,03	0,12	0,31	0,11	0,20
	Industria	10,25	7,41	8,95	14,91	16,94	16,06
	Outros servizos	19,04	27,81	23,04	24,59	34,78	30,32
	Sen actividade	15,85	31,64	23,05	7,55	15,36	11,94
	Transporte e comunicacións	3,04	0,77	2	4,71	1,66	3
Tendencia do paro rexistrado 2006-2008		77,22	14,81	42,02	39,03	7,68	19,28

Fonte: Datos de poboación: Padrón Municipal de Habitantes. Xaneiro de 2008.

Datos de afiliación: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Xuño de 2008.

Datos de actividade: Enquisa de Poboación Activa. IV trimestre de 2008.

Datos de contratación. Servizo Público de Emprego de Galicia. 2008.

Datos de paro rexistrado. Servizo Público de Emprego de Galicia. Decembro de 2008.



8. CONCLUSIONES

POBOACIÓN INMIGRANTE RESIDENTE EN GALICIA. CARACTERÍSTICAS

- A poboación estranxeira en Galicia no pasado ano 2008 ascende a 95.568 persoas segundo o padrón municipal de habitantes e representa o 3,43% da poboación total galega e o 1,81% dos estranxeiros residentes no territorio nacional.
- Galicia é a segunda comunidade autónoma con menor proporción de foráneos entre os seus habitantes; en España este colectivo supón o 11,41% da súa poboación en 2008.
- No tocante á distribución xeográfica, as sete grandes cidades galegas concentran o maior número de estranxeiros en Galicia (o 47% do total). Se temos en conta o peso relativo deste colectivo sobre cada poboación, sobresaen as comarcas do sur e leste de Ourense e as do sur de Pontevedra.
- Mentres que a poboación galega perde efectivos no último decenio (practicamente 17.000 persoas), vemos como o colectivo non nacional medra un 99,36% desde 1998, en datos absolutos unhas 76.000 persoas.
- A distribución por sexo dos estranxeiros en Galicia é realmente equitativa: o 50,07% son homes e o 49,93% son mulleres. Estas porcentaxes varían dependendo do país e mesmo da nacionalidade de procedencia de cada colectivo.
- A inmigración na nosa comunidade, ao contrario do que acontece no resto do Estado, caracterízase por ser un fenómeno feminizado. En 2008, por primeira vez no último decenio, os homes superan as mulleres en volume, porén as diferenzas entre ambos os sexos son mínimas.
- A poboación autóctona está moito máis envellecida que a estranxeira. O 83,34% das persoas que proveñen doutros países están en idade potencialmente activa (16-64 anos). A súa idade media é de 33 anos, mentres que a da poboación galega se sitúa arredor dos 44 anos.
- A nacionalidade máis frecuente en Galicia é a portuguesa (19,38% do total de estranxeiros), seguida da brasileira (11,06%) e da colombiana (8,67%). Malia estes datos, no último quinquenio, as comunidades que maior incremento experimentaron en Galicia foron a romanese e a búlgara.
- Nas catro provincias galegas a nacionalidade que prevalece sobre as demais é a portuguesa, excepto na Coruña, onde atopamos un maior número de cidadáns brasileiros.
- A inmigración masculina é basicamente portuguesa, mentres que a feminina se reparte entre a procedente de Portugal, Brasil e Colombia.
- Segundo as estatísticas elaboradas, a comunidade galega é a segunda de España, despois de Madrid, en canto ao volume de poboación retornada. En concreto, desde o ano 1995, practicamente 46.000 persoas nadas en Galicia decidiron volver do estranxeiro para fixar aquí a súa residencia.
- A idade media dos retornados en 2007 é de 52 anos e, por sexo, os homes teñen unha maior representación, o 53,87% do total.
- Suíza e Venezuela, os principais destinos das emigracións galegas producidas nas décadas pasadas, son agora os países que máis poboación de retorno achegan á nosa comunidade, de acordo cos últimos datos facilitados.

ACTIVIDADE E OCUPACIÓN SEGUNDO A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA

- No último trimestre de 2008 constan en Galicia 75.900 persoas estranxeiras que permanecen en activo no noso mercado de traballo, segundo a Enquisa de Poboación Activa. Delas, o 5,5% permanecen ocupadas, un total de 66.500 persoas.
- Os residentes estranxeiros teñen unha taxa de ocupación moi superior á dos cidadáns galegos, algo máis de 22 puntos porcentuais a finais de 2008. Este dato converte Galicia na primeira comunidade en canto á empregabilidade de estranxeiros neste período.
- A taxa de desemprego tamén é máis elevada para o colectivo foráneo, un 12,45% no mesmo espazo temporal. Malia isto, esta porcentaxe supón case a metade da obtida polo conxunto de estranxeiros no territorio nacional (21,26%).
- As mulleres son o 52,3% dos estranxeiros ocupados en Galicia; aínda así, presentan unhas taxas de ocupación e actividade inferiores aos homes. As porcentaxes de paro son máis acentuadas nos homes precisamente porque as súas taxas de participación no mercado laboral son máis elevadas que as que mostran as mulleres.
- O 83% dos ocupados estranxeiros na nosa comunidade autónoma proceden de países extracomunitarios.
- Por sexo, as maiores diferenzas entre as taxas de ocupación e actividade por nacionalidades atopámolas nas mulleres; a ocupación feminina non europea sitúase nun 70,93%, mentres que a empregabilidade das mulleres europeas é dun 50,44%.
- O colectivo inmigrante en Galicia presenta unha maior relación co mercado de traballo en comparación coa poboación galega; este feito conduce tanto a unha maior empregabilidade como a un maior desemprego.

PARO REXISTRADO

- O colectivo de estranxeiros en paro na nosa comunidade ascendía a 8.591 parados, o que representa o 4,5% do total da poboación parada, superando así o seu peso poboacional en Galicia, xa que en 2008 o 3,4% dos empadroados eran nados fóra do noso país.
- Os homes amosan unha maior porcentaxe de paro que as mulleres inmigrantes, 54,4% e 45,6% respectivamente.
- Os datos ofrecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia en canto ao paro rexistrado por grupos de idade mostran como existe un maior volume de desemprego nos segmentos de poboación máis nova, especialmente se os comparamos co colectivo de parados autóctonos: o 74,4% dos parados foráneos teñen menos de 45 anos, mentres que esta proporción baixa ata o 60,5% no caso dos galegos.
- Un de cada tres desempregados inscritos nas oficinas de emprego en 2008 son de orixe portuguesa, seguidos de lonxe polos colombianos e os marroquís.
- O sector de actividade máis demandado polos parados estranxeiros é o sector servizos, cun 43,3% do total. Tras el sitúanse a construción, a industria e a agricultura e pesca, por esta orde. Destaca a alta porcentaxe de xente non nacional que, estando en situación de parado, non ten experiencia previa no seu haber, practicamente unha de cada catro persoas.

- A baixa cualificación é a característica principal das ocupacións máis solicitadas polos demandantes estranxeiros, xa que o 34,1% deles teñen esa preferencia no último ano. O 65,9% restante repártese maioritariamente entre as ocupacións relacionadas coa hostalaría e o comercio.
- As mulleres concentran as súas demandas en ocupacións afíns a limpeza, tarefas do fogar, dependentas ou camareiras. Os homes presentan unha maior diversificación, optando por profesións relacionadas con peóns en xeral, mozo, condutor ou camareiro.

AFILIACIÓNS

- As afiliacións de estranxeiros en alta laboral en 30 de xuño de 2008 (43.557 persoas) supoñen o 4,05% das afiliacións totais á Seguridade Social en Galicia.
- A comunidade galega é a duodécima con menor presenza de traballadores inmigrantes no conxunto do Estado.
- Tres de cada catro afiliacións de estranxeiros en 2008 pertence ao réxime xeral, seguidas moi de lonxe polo réxime de autónomos, cun 11,33% do total. Este dato é moito menor do que podemos observar na poboación autóctona, onde un de cada catro traballadores está de alta neste sector. Os datos tamén evidencian como a poboación estranxeira está claramente sobrerrepresentada no réxime especial de empregados do fogar, onde se elevan ata o 9,92% cando a poboación nacional acada tan só o 1,57%. Nos réximes agrario e do mar tamén se rexistran valores superiores aos da poboación total.
- O colectivo inmigrante achega un maior nivel de dinamismo en termos de implicación na realidade do mercado laboral: dos empadroados foráneos potencialmente activos (16-64 anos) no pasado ano 2008, 79.647 persoas, o 54,69% están en situación de afiliados en alta; esta proporción na poboación estatal é inferior, o 43,86%.
- Un dato significativo para valorar a variación experimentada no último ano en canto ás afiliacións: de 2007 a 2008 gañamos 4.896 cotizacións de estranxeiros, mentres que perdemos un total de 7.325 afiliacións de poboación autóctona. A perda de afiliacións en xeral no último ano non é algo privativo da nosa comunidade, pois o conxunto nacional sofre unha redución moi similar.
- O maior volume de cotizacións de estranxeiros atopámolo nas comarcas máis poboadas, as que conteñen as sete grandes cidades de Galicia; en cambio, as maiores porcentaxes de afiliacións de estranxeiros sobre o total de afiliados de cada territorio aparecen nas comarcas do sur e leste de Ourense e nas do sur de Pontevedra.
- Os homes amosan unha cifra superior de empregabilidade, o 63,35% do total, fronte ás mulleres, o 36,65%, aínda que nos últimos anos estas experimentan un crecemento superior, sobre todo no réxime especial de empregadas do fogar, onde nos últimos dous anos crecen nun 20%, converténdose no único sector en que as mulleres teñen un maior volume de afiliacións que os homes.
- A poboación inmigrante está bastante máis inclinada cara aos tramos de menor idade: os datos dos últimos dous anos revelan como a poboación autóctona perde un 7,39% de afiliados menores de 30 anos e, ao mesmo tempo, como o colectivo estranxeiro medra un 21,75% no mesmo tramo de idade.

- As actividades que contan cun maior número de cotización de estranxeiros a mediados do 2008 son a construción e a hostalaría; a construción tamén era a actividade principal da poboación afiliada nacional, aínda que cun peso moito menor, un 12,11% fronte ao 29,25% dos estranxeiros.
- Como acontecía cando analizabamos os datos demográficos, o portugués é o colectivo máis numeroso en canto a afiliacións de traballadores en alta laboral na nosa comunidade (o 32,8%), seguido neste caso polo colombiano (10%) e o brasileiro (5,87%). Se relacionamos o total de afiliados de cada país co seu número de empadroados no mesmo ano, vemos como son os peruanos os que teñen un maior índice de empregabilidade, un 74,53% en concreto.
- Relacionando nacionalidade con réxime de cotización á Seguridade Social, vemos que os portugueses prevalecen no réxime xeral e no de autónomos; os peruanos no réxime do mar; os colombianos (basicamente as mulleres) no réxime especial de empregados do fogar e, por último, os romaneses no réxime agrario.

CONTRATACIÓN

- A contratación de estranxeiros en Galicia ascendeu a 66.170 traballadores, o que supuxo un crecemento de 13.774 de 2006 a 2008.
- Por nacionalidades, igual que acontece coas afiliacións e as demandas de emprego, son os portugueses os que maior índice de contratación mostran, un 28,3% do total. Malia isto, son os peruanos, brasileiros e dominicanos os que obteñen un crecemento superior á media nos dous últimos anos.
- Os contratos a mulleres representan o 32,4% dos contratos feitos a estranxeiros en Galicia para o ano 2008, algo menos da terceira parte. A diferenza destas, cos homes faise máis evidente no colectivo de portugueses, o máis numeroso da nosa comunidade, como xa comentamos. É nas nacionalidades latinoamericanas onde claramente os contratos a mulleres superan os dos homes de acordo cos últimos datos ofrecidos.
- En canto á distribución territorial, observamos como en 43 das 53 comarcas prevalecen os contratos formalizados con traballadores portugueses, maioritariamente as máis próximas á fronteira con este país. A mesma circunstancia vémosla cando analizamos os datos das sete grandes cidades de Galicia. Lugo é a cidade que maior proporción de contratación a inmigrantes experimenta e, pola contra, Ferrol e Santiago son as que menos oportunidades ofrecen para este colectivo.
- No tocante á contratación de estranxeiros, en xeral, segundo as ocupacións profesionais, apréciase que as máis numerosas son aquelas que posúen unha baixa cualificación; os salarios correspondentes tamén se sitúan nun segmento de remuneración baixo. Camareiros e albaneis foron as ocupacións con maior afluencia de contratación foránea no último ano.
- De novo confirmamos, cos datos da contratación, como os sectores da construción e a hostalaría recollen o maior volume de inserción laboral do colectivo estranxeiro presente no noso mercado laboral.

9. FONTES BIBLIOGRÁFICAS

- INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA. 2008. *Datos estadísticos básicos de Galicia 2008*.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA. 2008. *Panorama demográfico de Galicia 2007*.
- XUNTA DE GALICIA. PRESIDENCIA. SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN. 2008. *Inmigración de retorno*.
- XUNTA DE GALICIA. PRESIDENCIA. SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN. 2008. *Plan Galego de Cidadanía, Convivencia e Integración 2008-2011*.
- XUNTA DE GALICIA. PRESIDENCIA. SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN. 2008. *A inmigración estranxeira en Galicia*.
- MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN. SECRETARÍA DE ESTADO DE EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN. OBSERVATORIO PERMANENTE DA INMIGRACIÓN. 2007. *Anuario estadístico de Inmigración*.
- MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN. SECRETARÍA DE ESTADO DE EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN. OBSERVATORIO PERMANENTE DA INMIGRACIÓN. Pajares, Miguel. 2008. *Inmigración y mercado de trabajo. Informe 2008*.
- MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN. SECRETARÍA DE ESTADO DE EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN. OBSERVATORIO PERMANENTE DA INMIGRACIÓN. Pumares, P. 2008. *La movilidad laboral y geográfica de la población extranjera en España*.
- IGLESIAS, C. e LLORENTE, R. 2008. *"Efectos de la inmigración en el mercado de trabajo español". Retos y oportunidades para el sistema productivo español*. Economía Industrial. Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.
- IZQUIERDO ESCRIBANO, A. 2006. *Demografía de los extranjeros. Incidencia en el crecimiento de la población*. Fundación BBVA.

FONTES ESTADÍSTICAS

- PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES: Instituto Galego de Estatística
Instituto Nacional de Estadística
- ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA: Instituto Galego de Estatística
Instituto Nacional de Estadística
- SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA
- SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO ESTATAL

- XUNTA DE GALICIA. PRESIDENCIA. SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN. Páxina www.galiciaaberta.com
- MINISTERIO DE TRABALLO E INMIGRACIÓN. Observatorio Permanente da Inmigración. **Páxina de datos e estatísticas.**
- MINISTERIO DE TRABALLO E INMIGRACIÓN. **Páxina de datos da Seguridade Social.**